

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 22 de DECEMBRO de 2017**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 22 de decembro de 2017, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2017, do 24 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 21 de novembro ata o 18 de decembro de 2017.

3.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

4.- Comunicación do cambio de portavoz do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial da Coruña.

5.-Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representante da Deputación no Museo do Pobo Galego.

### **Asesoría Xurídica**

6.-Proposición da Presidencia sobre a comparecencia no recurso PA 169/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto polo “Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación”, sobre a relación de postos de traballo de 2017.

7.-Proposición da Presidencia sobre a comparecencia no recurso PA 115/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) sobre o Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019.

### **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**

8.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación Galega de Editores para financiar a Gala do Libro Galego e o Simposio do Libro e a Lectura do ano 2017.

9.-Aprobación do convenio de colaboración coa Academia Galega do Audiovisual para financiar os XV Premios Mestre Mateo e os I Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual.

10.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o Programa de concertos do ano 2016.

11.-Corrección do erro na tramitación da concesión de subvención nominativa á Fundación Carlos Casares para financiar a exposición “Os mundos de Carlos Casares” en catro concellos da provincia, e aprobación do correspondente convenio.

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2017.

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesía para financiar o proxecto “Actividades na aula da natureza-museo Etnográfico das Brañas do Valga”.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto “IV Encontro Internacional de Emprendedores Universitarios. O Papel das universidades”.

15.-Aprobación do convenio co Concello da Coruña, para cofinanciar o Programa de bolsas Europa FP-Poxecto “Acoeuropa V”, no marco do Programa de aprendizaxe permanente “ERASMUS+ 2014-2020” ( Convocatoria 2016).

16.-Aprobación do convenio coa Asociación SEARA para promover o financiamento do proxecto PROEM.

17.-Aprobación do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto “*Máster de Desenvolvemento Económico e Innovación*”.

### **Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais**

18.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2017. 9ª fase: Mellora da intersección da estrada DP 1703 Espíritu Santo a Fraís PQ 2 + 500 coa estrada AC 214 Guísamo-Sigrás (Cambre); Nova ponte na DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Ríos sobre o río Mero (Abegondo e Oza-Cesuras); Mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 7103 de Laranga a Oliveira por Seráns PQ 0+000 ao PQ 4+600 (Porto do Son); Reforzo do firme na estrada DP 7001 das Pontes de García Rodríguez a Momán (As Pontes); Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 2103 da estrada de Castelo-Ándeiro a Sergude PQ 0+000 ao PQ 1+900 (Carral).

19.-Deixar sen efecto a inclusión da obra “Mellora da travesía do Souto na estrada DP 4604 PK 6,680 ao 7,500” do Concello de Toques e aprobar inicialmente o Plan de travesías 2017, 2ª fase coa obra que a continuación se detalla: DP 4604 Mellora da travesía do Souto na estrada DP 4604 (Toques)

20.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2017, 3ª fase: Melloras na estrada DP 1901 Carballo a Sísamo, Fase II (Carballo); Actualización do proxecto de travesía na DP 3612 Aneiros a Cabana Fase II PQ 0+300 ao 1+100 (Ferrol)

21.-Aprobación provisional do proxecto do Plan de travesías 2017, 1ª fase: DP 8401 da Tabilla a Agro do Mestre por Pontepedra. Construción de Beirarrúas PQ 5+060 ao 5+470 (Tordoia)

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre para financiar o programa “Voz Natura 2017”.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

23.-Dar conta da xestión realizada polo adxudicatario da cesión do Teatro Colón e do informe do control financeiro emitido pola intervención, correspondente ao período 2016-2017.

24.- Ratificación da Resolución da Presidencia número 39427/2017 do 13 de decembro de 2017 pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña designada por Resolución da Presidencia número 16702, do 30.07.2015.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda, para o financiamento da redacción/actualización de proxectos de Vía Verde.

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

26.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Acondicionamento da rede de saneamento e arranxo de depuradora en Lires” do Concello de Cee incluída na 3ª fase do PAS 2015 co código 15.3110.0032.0

27.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Senda litoral entre Santa Ana e Canide” do Concello de Oleiros, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 3ª fase (Código 2015.3110.0123.0)

28.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparación de varandas no Paseo Fluvial do río Sar e outro” do Concello de Padrón, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015 e aprobación definitiva da obra dentro do Plan (código 2015.3110.0323.0)

29.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Pavimentación de viais na Casa Cuberta (Lardeiros) e outros”, do Concello do Pino, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3110.0229.0

30- Adhesión da Deputación da Coruña á "Sección de Entidades Locales con Aguas Minerales y Termales de la FEMP" e aprobación das normas do seu funcionamento e organización.

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

31.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo

Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2017.

32.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/10/2017 e proxección a 31/12/2017.

33.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/11/2017 e proxección a 31/12/2017.

34.-Aprobación da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución do terceiro trimestre do exercicio 2017 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

35.-Aprobación da proposta de modificación das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

36.-Aprobación da proposta de acordo de concesión dunha achega nominativa e formalización dun convenio administrativo co Hogar Español de Montevideo, para cofinanciar os gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2017.

37.-Aprobación da regulación interna dos horarios de traballo do persoal da Deputación Provincial da Coruña.

### **Sección de Educación, Cultura e Deportes**

38.-Proposición da Presidencia de aprobación de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para financiar o funcionamento ordinario do Centro Asociado da Coruña no ano 2017.

### **ACTUACIÓN DE CONTROL**

### **MOCIÓNS**

-Moción do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira para a extracción de cobre nos Concellos de Touro e O Pino.

-Moción do Grupo Provincial Popular en relación á posta en valor da figura e obra de Eduardo Pondal no centenario do seu falecemento.

### **ROGOS E PREGUNTAS**



D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª. Mª GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e quince minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 12/2017, DO 24 DE NOVIEMBRE.**

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 12/2017, do 24 de novembro.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DO 21 DE NOVIEMBRE ATA O 18 DE DECEMBRO DE 2017.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 21 de novembro ata o 18 de decembro de 2017.

### **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DAS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS.**

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 19 de decembro de 2017, a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO <sup>1</sup>	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>Cultura e Normalización Lingüística<sup>2</sup></b>  17:00 h luns <sup>3</sup> Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>M<sup>a</sup> Goretti Sanmartín Rei<sup>4</sup></b>  Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde Teresa Villaverde Pais	Bernardo Fernández Piñeiro José Luis García García José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela M <sup>a</sup> Goretti Sanmartín Rei	Daniel Grandío Díaz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
<b>Deporte e Mocidade</b>  17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>José García Liñares</b>  Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Juan Alonso Tembrás José C. Calvelo Martínez Andrés García Cardeso Mariel Padín Fernández Carlos Vázquez Quintián	Patricia Blanco Fidalgo José García Liñares Antonio Leira Piñeiro	Ánxela Franco Pouso Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
<b>Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero</b>  17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>Ánxela Franco Pouso</b>  Secretaria: Carolina Buhigas Jack <sup>5</sup>	Juan Alonso Tembrás José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Luis Rubido Ramonde Carlos Vázquez Quintián	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Ánxela Franco Pouso Manuel Muiño Espasandín	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

<sup>1</sup> RP 2015/16983 e RP 2015/16984, nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

<sup>2</sup> PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

<sup>3</sup> COMISIÓN CULTURA 18-01-2016. Modifica réxime sesión da comisión, pasa ás 17h

<sup>4</sup> RP 2016/34, nomeamento presidenta CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

<sup>5</sup> RP 2015/20483, modifica RP 2015/16984

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO <sup>1</sup>	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>Promoción Económica e Emprego</b>  18:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>José Luis García García</b>  Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Juan Alonso Tembrás José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Teresa Villaverde Pais	José Luis García García José García Liñares José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Ánxela Franco Pouso	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
<b>Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente</b>  17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>José Manuel Pequeño Castro</b>  Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández <sup>6</sup>	José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Teresa Villaverde Pais	Patricia Blanco Fidalgo Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
<b>Contratación, Patrimonio e Equipamento</b>  18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Xesús Manuel Soto Vivero</b>  Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández <sup>7</sup>	Juan Alonso Tembrás José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela Carlos Vázquez Quintián	José Luis García García José García Liñares Antonio Leira Piñeiro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

<sup>6</sup> RP 2017/03569, modifica RP 2015/16984, novo secretario CI

<sup>7</sup> RP 2015/20483, modifica RP 2015/1694

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO <sup>1</sup>	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico<sup>8</sup></b>  17:30 h xoves Semana anterior ao	Presidente: <b>Xosé Varela<sup>9</sup></b> <b>Regueira</b>  Secretaria: Susana      Rouco Penabad	José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela      Padín Mariel Fernández Manuel Rivas Caridad	Patricia Blanco Fidalgo José Luis García García José M. Pequeño Castro	Manuel      Muiño Espasandín Xosé Regueira Varela	Rocío Fraga Sáenz	Manuel      Dios Diz	Ángel      García Seoane
<b>Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior</b>  18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Antonio Leira Piñeiro</b>  Secretaria: M <sup>a</sup> José      Vázquez Sesmonde	Susana García Gómez José Manuel López Varela      Padín Mariel Fernández Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Manuel      Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia      Delso Carreira	Manuel      Dios Diz	Ángel      García Seoane

<sup>8</sup> PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

<sup>9</sup> RP 2016/34, nomeamento presidente CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

#### **4.- COMUNICACIÓN DO CAMBIO DE PORTAVOZ DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

O Pleno toma coñecemento da designación de portavoz titular e portavoces suplentes do Grupo Provincial Socialista, pola que se designa como portavoz do Grupo ao deputado D. Bernardo Fernández Piñeiro e como portavoces suplentes a don José Luis García García, don José García Liñares, don Antonio Leira Piñeiro, don Juan Vicente Penabad Muras e don José Manuel Pequeño Castro.

#### **5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NO MUSEO DO POBO GALEGO.**

O Pleno, por unanimidade aproba a ratificación da inclusión deste punto na orde do día e, tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), lle atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse,

Resultando que convén modificar un dos nomeamentos efectuados en sesión plenaria do 4 de agosto de 2015 para facilitar así un exercicio máis axeitado da representación outorgada polo Pleno, segundo proposta conforme dos deputados afectados polo cambio,

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Nomear representante da Corporación á deputada que se indica no organismo que a seguir se relaciona:

**MUSEO DO POBO GALEGO (Xunta Rectora)**

Vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, dona Goretti Sanmartín Rei.

Quedan sen efecto os nomeamentos anteriores que contradigan o presente acordo. A deputada designada informará sobre o funcionamento do organismo no que participa en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexa requirida polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableceza o regulamento orgánico".

**6.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A COMPARECENCIA NO RECURSO PA 169/2017, DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DOS DA CORUÑA, INTERPOSTO POLO “COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS DE TELECOMUNICACIÓN”, SOBRE A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE 2017.**

O Pleno, por unanimidade ratifica a inclusión deste punto na orde do día.

Seguidamente, procédese a votar a proposición da Presidencia:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

A representación procesual de “Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación”, interpuxo recurso contencioso administrativo sobre a relación de postos de traballo 2017.

Na quenda de repartición correspondeulle ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, co nº PA 169/2017.

Por Resolución da Presidencia nº 30086/2017, do 28/09/2017, dispónse a comparecencia da Corporación provincial no citado recurso contencioso administrativo. Da mencionada resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno o 03/11/2017.

Á vista do anterior e a teor do disposto no art. 34.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

PROPÓN AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 30086/2017, do 28/09/2017, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 169/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por “Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación”, sobre a relación de postos de traballo 2017.”

**7.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A COMPARECENCIA NO RECURSO PA 115/2017, DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DOS DA CORUÑA, INTERPOSTO POR CENTRAL SINDICAL INDEPENDENTE E DE FUNCIONARIOS (CSIF) SOBRE O PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2017-2019.**

O Pleno, por unanimidade ratifica a inclusión deste punto na orde do día.

Seguidamente, procédese á votación da proposición da Presidencia:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

A representación procesual de Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F), interpeuxo recurso contencioso administrativo contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña, adoptado na sesión plenaria ordinaria do 31 de marzo de 2017, polo que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019.

Na quenda de repartición correspondeulle ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, co nº PA 115/2017.

Por Resolución da Presidencia nº 21111/2017, do 28/06/2017, dispónse a comparecencia da Corporación provincial no citado recurso contencioso administrativo. Da mencionada resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno o 06/10/2017.

Á vista do anterior e a teor do disposto no art. 34.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

PROPÓN AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 21111/2017, do 28/06/2017, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 115/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F), sobre o Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019.”

## **8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES PARA FINANCIAR A GALA DO LIBRO GALEGO E O SIMPOSIO DO LIBRO E A LECTURA DO ANO 2017.**

### INTERVENCIÓNS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente, moi brevemente, para repetir e trasladar a este Pleno o posicionamento do noso grupo, trasladado na miña intervención do pasado Pleno, ao respecto dos diferentes puntos onde se recollen subvencións nominativas, onde nós, o noso posicionamento nas comisión informativas foi de abstención, imos votar favorablemente neles pero repetimos a necesidade de que o Goberno o resolva, en primeiro lugar o tema do Plan provincial de subvencións, e logo despois o tema da existencia de reparos continuos que temos que levantar neste Pleno. Moitas grazas.

Sr. presidente

O compromiso deste equipo de Goberno é que en febreiro é o horizonte que temos previsto para traer a este Pleno un plan estratéxico de subvencións, que teremos a posibilidade, loxicamente, de consensuar entre todos porque precisamente é un documento estratéxico para os vindeiros anos.

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Galega de Editoras para financiar a *Gala do Libro Galego e o Simposio o Libro e a Lectura do ano 2017*, por importe de **8.000 €**, cun orzamento subvencionado de 24.922,71 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de decembro de 2017.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

**“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Editoras para financiar a Gala do Libro Galego e o Simposio o Libro e a Lectura do ano 2017.**

Na Coruña, o

## **REÚNENSE**

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área.

Don José Antonio Ballesteros Rey, Presidente da Asociación Galega de Editoras (AGE)

Actuando no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## **MANIFESTAN**

**1.-** De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

**2.-** A Asociación Galega de Editoras (AGE) é unha asociación privada sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, formada por empresas con traballadores por conta allea, que na actualidade conta con 33 empresas asociadas.

De conformidade co artigo 1 dos estatutos, a Asociación ten, entre outros, os seguintes fins:

- A promoción e difusión de libros en lingua galega e dos libros editados en Galicia, a representación do sector editorial galego no seu conxunto.
- Pór en marcha as iniciativas necesarias para a innovación e a posta en marcha das TIC e o desenvolvemento no proceso produtivo do sector.
- Fomentar o desenvolvemento entre os asociados da Normalización promovendo e coordinando os traballos para a implantación das normas UNE e ISO.
- A defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lle son propios.

**3.-** A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Editoras coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Editoras (NIF: G15130594) para financiar a **Gala do Libro Galego e o Simposio o Libro e a Lectura do ano 2017**.

\* Gala do libro galego: a Asociación Galega de Editoras, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Federación de Librarías de Galicia reúnen-se para conceder un total de 14 premios fallados por integrantes de cada unha das entidades. Estas distincións, sen dotación económica serán: obra de ensaio, narrativa, infantil e xuvenil, libro ilustrado, iniciativa bibliográfica, obra traducida, libro de poesía, libro de teatro, iniciativa cultural ou de fomento da lectura, proxecto literario na rede, xornalismo cultural, premio honorífico á editora, premio honorífico á librería e escritor/a galego/a universal.

\* O Simposio o Libro e a Lectura: realizarase ao longo de dous días, de mañá e tarde e contará cunha serie de conferencias, mesas redondas e paneis de experiencia impartidas por profesionais do tema que vai desenvolver no simposio.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Galega de Editoras desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>Gala do Libro - Gastos directos</b>	<b>Importe</b>
Compensación económica membros xurado	913,08
Envío libros a xurado	125,00
Envío convites autoridades e entidades culturais	85,00
Deseño imaxe II Gala do Libro	650,00
Impresión lonas, carteis, convites + prensa	3.965,00
Honorarios conferencia/viaxe/estancia Escritora Galega Universal	790,00
Pezas Gala do Libro 2017	1.423,10
Presentadora Iria Pinheiro	600,00
Fotografía + vídeo + streaming	1.880,00
Alugueiro equipamento de son	75,00
Grupo musical	1.900,00
Apoio Secretaría AGE	900,00
	<b>13.306,18</b>
<b>Simposio o Libro e a Lectura - Gastos directos</b>	<b>Importe</b>
<b>Persoal organizador</b>	<b>1.250,00</b>
Desprazamento/Transporte	250,00
Hotel	200,00
Gastos/Tarifa organización	300,00
Persoal apoio	500,00
<b>Conferenciantes</b>	<b>4.950,00</b>

Tarifa participación	3.600,00
Desprazamento/Transporte	750,00
Hotel	600,00
<b>Participantes mesas redondas</b>	<b>850,00</b>
Tarifa participación	600,00
Desprazamento/Transporte	250,00
<b>Material imprenta e difusión /Cartelería</b>	<b>550,00</b>
<b>Gravación evento</b>	<b>800,00</b>
<b>Gastos indirectos (luz, alugueiro oficina)</b>	<b>1.166,53</b>
	<b>9.566,53</b>

**ORZAMENTO TOTAL 22.872,71**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 34,97 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 34,97 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AGE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para executar a actividade corresponderalle a AGE.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase a AGE para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a AGE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AGE.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada a AGE unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da AGE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para realizar a actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a AGE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a AGE para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a AGE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AGE na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AGE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A AGE deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A AGE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AGE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AGE poderá escollela a Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AGE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses;

se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AGE serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a AGE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois de solicitude da AGE, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA FINANCIAR OS XV PREMIOS MESTRE MATEO E OS I PREMIOS MARÍA LUZ MORALES DE ENSAIO SOBRE O AUDIOVISUAL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual por importe de **15.000 €**, para financiar os *XV Premios Mestre Mateo e os I Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual*, cun orzamento subvencionado de 108.569,01 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 28 de novembro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

“ **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Academia Galega do Audiovisual para financiar os *XV Premios Mestre Mateo e os I Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual***

Na Coruña o

## REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Xosé Carlos Ares Pérez, Presidente da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

**Segundo.-** Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

**Terceiro.-** Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos *Premios Mestre Mateo* cos que se recoñece a profesionalidade e calidade dun sector en auge, avalado polos excelentes resultados de crítica, audiencia e público, que fan que actores, guionistas, presentadores, técnicos, directores e produtores sexan referentes tanto dentro como fóra de Galicia.

Estes premios, que no presente ano acadan a súa décimo quinta convocatoria, son unha singular oportunidade para obter anualmente unha panorámica xeral do audiovisual galego e, coa súa consolidación xa son un referente entre outros galardóns das academias de cine españolas.

Ademais, neste ano convócanse por primeira vez os *Premios María Luz Morales* co obxectivo de fomentar a investigación, a difusión cultural e os traballos sobre o mundo audiovisual e nomeadamente, promover a irrupción de puntos de vista anovadores sobre esta temática.

**Cuarto.-** De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

**Quinta.-** En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento dos ditos premios, polo que na base 50ª.-5 das de Execución do Orzamento para 2017, foi incluída unha achega de 15.000 €, en concepto de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual destinada a financiar os *Premios Mestre Mateo 2017*.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual (NIF: G15844145) para financiar os ***XV Premios Mestre Mateo e os I Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual***, co seguinte contido:

#### *XV Premios Mestre Mateo*

\* *Lectura de finalistas.*- Neste acto *dánse a coñecer os nomeados nas distintas categorías para dar maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista.*

\* *Xuntanza de finalistas.*

\* *Encontros Mestre Mateo.*- Debate profesional e sereno entre os profesionais finalistas nalgúns categorías, os cales achegan ás escolas de produción, imaxe e son de Galicia, a través de coloquios co público e máis directamente cos futuros profesionais.

\* *Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo.*- Cerimonia de posta en valor do audiovisual galego asemade que é un espectáculo televisivo capaz de atraer audiencia.

\* *Os Mestre Mateo fóra de Galicia.*- A Academia Galega do Audiovisual ten un acordo de colaboración dende o 2010 coa Academia do Cinema Catalán polo que as obras finalistas e gañadoras nos Premios Mestre Mateo proxéctanse en Barcelona e, ao tempo, as obras gañadoras e nomeadas nos Premios Gaudí exhibense en Galicia..

\* *Colaboración co CGAI.*- Exhibición na filмотeca dos gañadores nas categorías de Mellor longametraxe, Mellor película para TV, Mellor longa documental e Mellor documental.

#### *I Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual*

Convocatoria dos premios en dúas categorías:

- \* Ensaio sobre calquera aspecto do audiovisual mundial.
- \* Videoensaios, para ensaios en formato audiovisual.

Os premios contarán coa colaboración das Facultades de Comunicación das universidades galegas.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

### ***XV Premios Mestre Mateo***

#### *Actividades paralelas*

Lectura de finalistas	200,00
Xuntanza de finalistas	1.000,00
Colaboración con outras academias	350,00
Encontros Mestre Mateo	630,00
Proxeccións Mestre Mateo	70,00

#### *Gala*

Guión e música	4.100,00
Persoal artístico	6.000,00
Persoal técnico	36.324,00
Escenografía	11.200,00
Montaxe e sonorización	3.900,00
Aluguer equipamentos técnicos	14.516,00
Varios produción	7.170,00
Viaxes, aloxamentos	2.650,00
Notaría, seguros e asesoría xurídica	2.800,00
Plataforma visionado e votación	1.500,00
Gastos xerais	1.560,00
<i>Importe</i>	<i>93.970,00</i>

### ***I Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual***

Persoal técnico	8.239,81
Asesoramento xurídico e laboral	192,91
Xurado	906,29
Dotación premios	4.800,00
Gastos produción	460,00
<i>Importe</i>	<i>14.599,01</i>

***Total gastos*** **108.569,01 €**

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **13,816 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,816 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade correspóndelle á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para realizar a actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un

requirimento á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá escollela a Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á

Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CONCERTOS DO ANO 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Orquesta Gaos, por importe de **18.950 €**, para financiar o *Programa de concertos do ano 2016*, cun orzamento subvencionado de 31.234,39 €, e aprobación do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 5 de decembro de 2017.

3.- Autorizar a excepcionalidade ao principio de imputación temporal de créditos, xa que, aínda que as actividades obxecto do convenio foron realizadas no ano 2016, non foi posible a súa tramitación no dito exercicio.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o *Programa de concertos do ano 2016*.**

Na Coruña, o

### **REÚNENSE**

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Marcos Seoane Vilariño, Presidente da Asociación Cultural Orquestra Gaos.

## EXPOÑEN

1.- Que o 20 de xaneiro de 2010 e, ao amparo do disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, foi constituída a Asociación Cultural Orquestra Gaos como unha asociación de carácter cultural musical, sen ánimo de lucro, cuxos fins principais son: a cultura musical e as súas relacións coas demais artes e ser o impulsor principal da Orquestra Gaos e dos seus principios.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar concertos, cursos, conferencias, exposicións ou seminarios.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír a financiar a realización dos concertos da Orquestra Gaos nos concellos de Betanzos e A Coruña, co obxectivo de apoiar as/os artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme as seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquestra Gaos (CIF: G70233424) que rexen as condicións reguladoras da subvención nominativa concedida para financiar o **Programa de concertos do ano 2016**.

Estes concertos celébranse na cidade da Coruña e en Betanzos, entre os meses de marzo e outubro, de acordo co seguinte programa:

- \* 6 de marzo, en Betanzos, Orquestra Gaos con Esteban Méndez (solista de trombón)
- \* 12 de marzo, na Coruña, Orquestra Gaos e Raphael
- \* 15 de maio, en Betanzos, Orquestra Gaos con David Grimal (solista de violín).
- \* 29 de outubro, en Betanzos, Orquestra Gaos e Daniel Vlashi/Millán Abeledo

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a Asociación Cultural Orquestra Gaos.

A Asociación Cultural Orquestra Gaos desenvolveu as actividades segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Bolsas de formación a músicos	26.310,00
Transporte instrumentos	2.180,00.-
Desprazamentos músicos	1.655,39.-
Gravacións concertos	1.089,00.-
<b>Total de gastos</b>	<b>31.234,39 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.950 €**, o que representa unha porcentaxe do **60,67 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **60,67 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Orquestra Gaos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Orquestra Gaos

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Orquestra Gaos, nin con calquera outra na que

concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Orquestra Gaos deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a actividade subvencionada, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Orquestra Gaos.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Orquestra Gaos unha vez presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Orquestra Gaos, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades do Programa de concertos do ano 2016.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para realizar a actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Orquestra Gaos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Orquestra Gaos para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Orquestra Gaos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Orquestra Gaos.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Orquestra Gaos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación Cultural Orquestra Gaos deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación Cultural Orquestra Gaos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Orquestra Gaos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Orquestra Gaos poderá escollela a Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Orquestra Gaos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se

o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Orquestra Gaos serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Orquestra Gaos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

2.- Coa solicitude previa da Asociación Cultural Orquestra Gaos, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **11.-CORRECCIÓN DO ERRO NA TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA FINANCIAR A EXPOSICIÓN “OS MUNDOS DE CARLOS CASARES” EN CATRO CONCELLOS DA PROVINCIA, E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar o acordo plenario número 5 do día 27 de outubro de 2017, no seu apartado 1, cuxa redacción correcta é a seguinte:

1.- Concederlle á Fundación Carlos Casares unha subvención nominativa, por importe de **33.800 €**, para financiar a *exposición "Os Mundos de Carlos Casares" en catro concellos da provincia*, cun orzamento subvencionado de 82.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega deseguido:

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Carlos Casares para financiar a exposición "Os Mundos de Carlos Casares" en catro concellos da provincia.**

Na Coruña, o

## REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e

Don Francisco Javier Casares Mouriño, Presidente da Fundación Carlos Casares.

Ambas as partes, no nome e na representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

1.- A Fundación Carlos Casares é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura pública outorgada en Pontevedra, o día 15 de xuño de 2002.

Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, os fins da Fundación son a difusión e estudo da obra do autor, e a promoción da lingua e cultura de Galicia, así como na realización de actividades culturais e científicas de carácter xeral e relacionadas cos intereses desta.

2.- A Real Academia Galega, en sesión plenaria que tivo lugar o 9 de xullo de 2016, acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2017 ao escritor Carlos Casares. Con este motivo, a Fundación Carlos Casares montou a exposición "Os mundos de Carlos Casares", co obxectivo de dar a coñecer e difundir a súa figura de home comprometido coa cultura e a lingua do país.

3.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento da exposición "Os mundos de Carlos Casares e, en tal sentido, no expediente de modificación de crédito n.º 3/2017, aprobado polo Pleno da Corporación o 8 de xuño de 2017, foi incluída unha achega en concepto de subvención nominativa á Fundación Carlos Casares por un importe de 18.800 €.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme as seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Carlos Casares (NIF: G36907244) para financiar a **exposición "Os Mundos de Carlos Casares" en catro concellos da provincia.**

A exposición ten como obxectivo celebrar a vida e a obra do escritor ourensán na clave dun percorrido vital, debuxando un mapa emocional e histórico a partir de cinco etapas:

\* *Paisaxes*: infancia e xuventude na Limia e Ourense e os primeiros contactos con escritores e escultores, como Antón Tovar, Vicente Risco, Xaime Quessada, Acisclo Manzano, Xosé Luis de Dios, Bucifios...

\* *Luzadas*: etapa universitaria coas primeiras expresións literarias, a loita estudantil, os primeiros traballos como profesor.

\* *A viaxe*: a experiencia de Suecia e a inmersión na súa sociedade, viaxes por Europa, os inicios do xornalismo literario e a entrada na Real Academia Galega.

\* *Conviña*: o compromiso político no Parlamento galego, a consolidación como escritor e o nacemento dun editor, a viaxe na URSS e o papel de mediador cultural da literatura galega.

\* *O redonde!*: a madurez como novelista, a popularidade do xornalismo literario, a presidencia do Consello de Cultura Galega, a viaxe no Expreso da Literatura e a partida final.

A exposición está comisariada polo secretario de Fundación, Gustavo Garrido e pola especialista en artes visuais contemporáneas, Chus Martínez Domínguez e o deseño da estrutura da exposición corre a cargo do estudo Creus&Carrasco.

Os catro concellos da provincia no que se desenvolverá a exposición “Os mundos de Carlos Casares” son: Santiago de Compostela, A Coruña, Ribeira e Arzúa; estes concellos poderán ser modificados, tras acordo entre as partes.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Fundación Carlos Casares desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

### Exposición

Estrutura da exposición	22.000 €
Deseño da exposición (Creus&Carrasco)	18.000 €
Equipos electrónicos e audiovisuais	10.000 €
Creación e montaxe das pezas audiovisuais	4.500 €
Comisariado inicial da exposición	5.500 €

### Traslado a catro concellos da provincia

Deseño e adaptación aos espazos expositivos	2.000 €
Traslado e montaxe da exposición	8.000 €
Traslado e montaxe dos equipos audiovisuais	4.000 €
Deseño e impresión de folletos, cartelería, lonas e bandeirolas nos catro concellos	2.800 €

Seguros para os espazos dos catro concellos	1.200 €
Supervisión e comisariado nos catro concellos	2.400 €
Gastos varios (funxibles, de transporte, manutención, representación, alugueres, etc.)	1.600 €
<b>Total</b>	<b>82.000 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **33.800 €**, o que representa unha porcentaxe do **41,22%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 41,22 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Carlos Casares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para executar a actividade corresponderalle á Fundación Carlos Casares.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase a Fundación Carlos Casares para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con

persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Carlos Casares deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Carlos Casares.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada a Fundación Carlos Casares despois de presentada a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Carlos Casares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Xunto coa memoria achegaranse informes dos concellos nos que se desenvolva a exposición.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para realizar a actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Carlos Casares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Carlos Casares para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Carlos Casares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª 6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Carlos Casares na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Carlos Casares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Fundación Carlos Casares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Fundación Carlos Casares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Carlos Casares deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Carlos Casares poderá escollela a Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Carlos Casares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Carlos Casares serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Fundación Carlos Casares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Coa solicitude previa da Fundación Carlos Casares, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O SOSTEMENTO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL DO ENSANCHE DURANTE O ANO 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para financiar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2017*, por importe de **144.000 €**, cun orzamento subvencionado de 180.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de decembro de 2017.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2017.**

Na Coruña,

### **REUNIDOS**

Dña. María Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

### **EXPOÑEN**

**1.-** Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscripción dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m<sup>2</sup> na planta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordo da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, do 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi suscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

**2.-** O 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

**3.-** Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado

a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G) para financiar o **sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2017.**

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi e punto de acceso informático, espazo de lectura e encontro, rexistro auxiliar, unidade básica de servizos sociais, departamento de xuventude, xestión da rede de centros socioculturais, biblioteca infantil e xuvenil e zona expositiva.

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

\* Cursos formativos.

- Anuais: ioga terapéutica, ximnasia terapéutica, club de lectura semanal e mensual, club de xadrez, club de teatro.
- Trimestrais: cibernautas sénior: primeiros pasos en internet, cidadanía dixital: primeiros pasos en internet, cidadanía dixital avanzada: coñecendo o ordenador, marketing nas redes sociais e comercio electrónico, cibernautas sénior: descubrimos a informática, cidadanía dixital: descubrimos a informática, conversas en alemán.
- Monográficos: escrita creativa, planifica a túa viaxe, redes sociais, edición de vídeo, correo electrónico.
- Obradoiros: de compras na rede (e-commerce), maiores activos (traballamos a gráfica, a lóxica e a linguaxe), sábados baile express (bollywood, africano, sevillanas, salsa, tango, country, pasodobre, latino), obradoiro de costura express, retoque fotográfico, crowdfunding, papiroflexia, o móbil, whatsapp, manexo de máquina de coser, envío de arquivos por correo electrónico, xestión de imaxes e retoque fotográfico.

\* Actividades complementarias: aula aberta NNTT, conferencias, proxeccións, visitas culturais, circuítos saudables, outras actividades (concertos e actividades musicais e teatro).

\* Actividades puntuais: Campañas solidarias, Tropa verde, Entroido, Samaín, Nadal, Campaña contra a SIDA

\* Actividades sociais ou de relación coa veciñanza: venres en familia, xogos populares na Praza Roxa, colaboración nas festas das asociacións de veciños

\* Actividades da rede de centros: exposicións, programa de excursións e viaxes, imos ao baile, visitas culturais e roteiros, Torneo de Xadrez Interxeracional.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Santiago de Compostela.**

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

### *Persoal*

3 uxieres	70.969,81.-
2 animadores socioculturais	78.257,08.-
1 auxiliar administrativo	29.578,86.-

### *Mantemento e subministracións*

Persoal de limpeza Csc O Ensanche e mantemento 1.194,25.-

**Total** **180.000,00 €**

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **144.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se ha xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80,00 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a

sanción imponerse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACTIVIDADES NA AULA DA NATUREZA-MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DO VALGA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que obra no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga” que queda condicionado á aprobación do EMC 5/2017.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 50.201,40 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3341/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

A Coruña

## REUNIDOS

Dunha parte, o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Mariano Iglesias Castro, en representación do CONCELLO DE MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B, para o financiamento das “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
<b>GASTOS DE PERSOAL</b>	<b>50.201,40 €</b>
Peón de xardinería	17.860,56 €
Peón de xardinería	17.860,56 €
Monitor de tempo libre	14.480,28 €
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>12.550,35 €</b>
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.100,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.100,00 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.100,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	900,00 €

Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	611,64 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.100,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.100,00 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.100,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>62.751,75 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.201,40 € (gastos de persoal) o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MESÍA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE MESÍA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 28 de novembro de 2017 ata o 27 de novembro de 2018 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10

por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do ano 2018, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de decembro de 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN                      O alcalde do CONCELLO DE MESÍA

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

#### **14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO “IV ENCONTRO INTERNACIONAL DE EMPRENDEDORES UNIVERSITARIOS. O PAPEL DAS UNIVERSIDADES”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que obra no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE

COMPOSTELA CIF Q1518001A para financiar o proxecto “IV Encontro Internacional de Emprendedores Universitarios. O papel das Universidades”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 1.848,38 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 23,19 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4142/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º.- O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña

#### REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte o reitor da Universidade de Santiago de Compostela Don Juan Manuel Viaño Rey, con DNI núm. 33222403F, en representación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña

Que a Deputación provincial da Coruña e UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do proxecto “IV Encontro Internacional de Emprendedores Universitarios. O papel das Universidades”
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CIF Q1518001A, para o financiamento do proxecto “IV Encontro Internacional de Emprendedores Universitarios. O papel das Universidades”.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Aloxamento	1.031,00
Comidas/ceas	922,50
Desprazamento	3.653,36
Servizos lingüísticos	150,00
Gastos xerais (imprenta, cartelería, etc)	575,00
Elaboración web	300,00
Xestión de control de asistencia, loxística, etc	300,00
Custos indirectos	1.039,78
<b>Total gastos</b>	<b>7.971,64</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 1.848,38 € (custo desprazamento) o que representa unha porcentaxe do 23,19 % . No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 23,19% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4142/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á UNIVERSIDADE DE

SANTIAGO DE COMPOSTELA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días 6 de abril de 2017 ao 7 de abril de 2017.
2. Unha vez rematadas as actividades, o UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRórROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 abril de 2017 ao 10 de abril de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2018 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 28 de febreiro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro

do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O DIPUTADO

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

José Luis García García

Juan Manuel Viaño Rey”

#### **15.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA, PARA COFINANCIAR O PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-POXECTO “ACOEUROPA V”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2014-2020” ( CONVOCATORIA 2016).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da

subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que obra no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co **CONCELLO DA CORUÑA**, CIF P-1503000J, para regular a achega de **15.000 €** que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2017 para cofinanciar o **PROGRAMA DE BECAS EUROPA FP-PROXECTO “ACOREUROPA V”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2014-2020” (Convocatoria 2016).**

4º A subvención provincial prevista no convenio cun orzamento subvencionado de 45.513,50 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 32,9572 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo ao documento RC núm. de operación 220170002994, do 21.02.2017 (Referencia 22017001245), da Partida 0520/3269/46201, do vixente Orzamento Xeral para 2017.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DA CORUÑA** para cofinanciar o **PROGRAMA DE BECAS EUROPA FP-PROXECTO “ACOREUROPA V”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2014-2020” (Convocatoria 2016).**

A Coruña

REUNIDOS

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Luis García García, deputado presidente da Comisión de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial da Coruña

Doutra, Dna. Silvia Cameán Calvete, Concelleira Delegada de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña, CIF P1503000J.

Ambos os dous comparecen e recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

### **EXPOÑEN**

O Programa “Erasmus+” foi creado pola Unión Europea para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. Un dos seus obxectivos

esenciais é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar os novos traballadores fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa “Erasmus+” ofrece aos estudantes e titulados universitarios recentemente a posibilidade de realizar prácticas en organismos e empresas doutros países europeos, que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de mellorar as oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecer aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

Na convocatoria realizada no 2016 polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación – SEPIE, no marco do “Erasmus+ 2014-2020”, o Concello da Coruña participou presentando o programa de Becas Europa FP-Proxecto “**ACOREUROPA V**”, no que a Deputación da Coruña manifestou a súa vontade de participar como entidade socia, colaborando no seu financiamento, para o caso de que fora aprobado.

O citado proxecto foi finalmente aprobado polo SEPIE, polo que procede agora a subscripción do correspondente convenio administrativo co Concello da Coruña no que se formalice a participación da Deputación da Coruña.

## **CLÁUSULAS**

### **I. OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do convenio é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña, como entidade socia, na execución do programa de Becas Europa FP-Proxecto “**ACOREUROPA V**”, promovido polo Concello da Coruña no marco do Programa Erasmus+ 2014-2020 (Convocatoria 2016).

O proxecto prevé a concesión de 10 bolsas, de ata 2 meses de duración, a realizar nos anos 2016 e 2017, nos seguintes países: Italia, Reino Unido, Irlanda e Portugal, dirixidas aos alumnos titulados nos diferentes ciclos formativos de Formación Profesional que se imparten nos institutos de ensino secundario e centros integrados de formación profesional públicos do Concello da Coruña socios do proxecto.

As bolsas inclúen un período de preparación/formación lingüística, cultural e profesional de 60 horas, durante o mes anterior ás saídas aos países de destino.

O convenio de subvención foi asinado polo SEPIE o 8.09.2016, e o prazo de execución do proxecto remata o 30 de setembro de 2017.

A Deputación participará na súa execución mediante:

- Asesoramento técnico nas distintas etapas do proxecto
- Apoio nas estratexias de difusión
- Asistencia na definición do calendario de traballo
- Apoio no contacto cos organismos intermediarios do proxecto
- Asistencia na elaboración e entrega da documentación aos participantes

- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 15.000,00 €.

## II. ORZAMENTO DO PROXECTO

O orzamento do proxecto ascende a **45.513,50 €**, cuxas partidas e financiadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	SEPIE	DEPUTACIÓN	CONCELLO CORUÑA	
Xestión do proxecto	3.500,00	0,00	2.550,00	<b>6.050,00</b>
Estancias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxe	7.000,00	15.000,00	17.103,50	<b>39.103,50</b>
Seguros e difusión	0,00	0,00	360,00	<b>360,00</b>
<b>TOTAL (€)</b>	<b>10.500,00</b>	<b>15.000,00</b>	<b>20.013,50</b>	<b>45.513,50</b>

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de **15.000,00** euros, que equivalen ao **32,9572** % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **32,9572** % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo á subvención do SEPIE e aos recursos propios do Concello da Coruña, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/3269/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

## **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega provincial aboarase despois da presentación polo Concello da Coruña da seguinte documentación:

- Informe final do proxecto, presentado perante o SEPIE, suscrito polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, de acordo co modelo normalizado establecido polo citado Servizo, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
  - Copia compulsada das resolucións de adxudicación das becas aos participantes.
  - Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
  - Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
3. Con carácter previo ao pagamento que se realice, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación provincial (este último punto farase de oficio).

4. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre o 1.06.2016 e o 30.09.2017.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo

máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, o Concello da Coruña deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida ou autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

#### **IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dacoruna.gal”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. Considerando que o período de execución do proxecto “ACOREUROPA V” comeza o 1 de xuño do 2016 e remata o 30 de setembro de 2017, o convenio terá efectos retroactivos dende o 1.06.2016, e estenderá a súa vixencia ate o 30.06.2018.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter presentada a xustificación antes do día 31.01.2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2018. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data ..... de ..... do 2017.

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

DEPUTADO PRESIDENTE DA COMISIÓN  
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E  
EMPREGO DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

A CONCELLEIRA DE XUSTIZA SOCIAL E  
CUIDADOS DO CONCELLO DA CORUÑA

Asdo.: José Luis García García

Asdo.: Silvia Cameán Calvete”

#### **16.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN SEARA PARA PROMOVER O FINANCIAMENTO DO PROXECTO PROEM.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación SEARA para financiar o proxecto PROEM por importe de 22.331,52€ de acordo co texto que se achega.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 22.331,52 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 72,73 %.

4º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24100/481 prevista no vixente orzamento provincial.

5º.- Facultar ao Presidente da Corporación para a sinatura do presente convenio.

6º.- O texto do convenio é o seguinte:

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROEM”**

Na Coruña, .....

REUNIDOS

Dunha parte o Señor Valentín González Formoso presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. ...., con DNI núm....., en representación da Asociación de Empresarios SEARA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### MANIFESTAN

Que a Deputación provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA consideran de gran interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas as dúas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Empresarios SEARA, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA, CIF G-15839491, para o financiamento do proxecto "PROEM", que nace para fomentar os valores do emprendemento entre a comunidade educativa. O seu obxectivo consiste en incentivar a cultura emprendedora no ámbito educativo e favorecer a aparición de novos proxectos, tanto empresariais como doutra natureza.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A Asociación de Empresarios SEARA levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
<b>Labores de coordinación</b>	<b>3.800,00€</b>
<b>Labores asesoramento (entidades)</b>	<b>20.042,40€</b>
Visitas colexios	1.000,00€
Comunicar, convencer e involucrar estamentos colexios	1.300,00€
Clases nas aulas	10.000,00€
Desprazamento persoal técnico	2.462,40€

Material didáctico	5.280,00€
<b>Labores do centro educativo</b>	<b>3.000,00€</b>
Transporte visitas	3.000,00€
<b>Outros gastos xerais (10%)</b>	<b>3.860,24€</b>
<b>Total custo proxecto</b>	<b>30.702,64€</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 22.331,52€, o que representa unha porcentaxe do 72,73% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,73% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Empresarios SEARA obteña para a mesma finalidade.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

Corresponderalle á Asociación de Empresarios SEARA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que a Asociación de Empresarios SEARA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: [www.emplo.dacoruna.gal](http://www.emplo.dacoruna.gal)

Coa memoria e conta xustificativa, a Asociación de Empresarios SEARA achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

## **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

De acordo co disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da Asociación de Empresarios SEARA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Empresarios SEARA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.  
No caso de gastos de persoal contratado directamente pola asociación, indicarase para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- A asociación deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

- A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos correspondentes
- Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de outubro de 2017 e ata o 30 de xuño de 2018.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Empresarios SEARA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Empresarios SEARA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A Asociación de Empresarios SEARA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial serán determinadas por esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Asociación de Empresarios SEARA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Empresarios SEARA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Empresarios SEARA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de setembro de**

**2017 e ata o 30 de xuño de 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2018**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Asociación de Empresarios SEARA non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 31 de xullo de 2018**, deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Empresarios SEARA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación de Empresarios SEARA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da  
Asociación de Empresarios SEARA

Asdo.:

Asdo.:"

**17.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO “MÁSTER DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E INNOVACIÓN”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que obra no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela con CIF Q1518001A para financiar o proxecto “*Máster Desenvolvemento Económico e Innovación*” que queda condicionado á aprobación do EMC 5/2017.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.688,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3269/481 prevista no vixente orzamento provincial.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, de 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, don Juan Manuel Viaño Rey, con DNI núm. 33222403F, en representación da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Coruña

Que a Deputación provincial da Coruña e **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do proxecto “Máster Desenvolvemento Económico e Innovación” que ten como obxectivo proporcionar aos estudantes unha formación de carácter especializado en economía e xestión, tanto no eido do desenvolvemento económico rexional e local como no eido da xestión da innovación.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CIF Q1518001A**, para o financiamento do proxecto “Máster Desenvolvemento Económico e Innovación 2017-2018”.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
1.- Xornadas: organización de 2 xornadas temáticas con profesionais e investigadores dos campos do desenvolvemento local e rexional e da innovación, procedente de Galicia e do estranxeiro. P. ex.: Xornadas sobre a cadea agroalimentaria o desenvolvemento local, Xornadas de economía circular para Galicia e os seus concellos, xornadas de estratexias para o desenvolvemento de Galicia, etc. <b>Remuneración dos participantes, transporte e mantenza, material das xornadas para os asistentes e para publicidade</b>	<b>9.000,00 €</b>
2.- Conferencias: organización de 7 conferencias con expertos en desenvolvemento local e rexional e innovación, do ámbito empresarial, das políticas públicas ou da investigación: <b>Remuneración dos conferenciantes, transporte (dende Europa, España e Galicia), aloxamento e mantenza</b>	<b>5.000,00 €</b>
3.- Visitas: realización de varias visitas dos estudante a grupos de desenvolvemento rural, oficinas de desenvolvemento local, experiencias de desenvolvemento local, centros tecnolóxicos, empresas innovadoras, clústers, etc. Aproveitaranse os días de viaxe para facer varias visitas pola zona á que nos despracemos:	

<b>Aluguer de autobús e acompañamento,</b>	<b>1.100,00 €</b>
4. – Talleres: de traballo práctico con profesionais de oficinas de desenvolvemento local, grupos de desenvolvemento rural ou consultora:  <b>Remuneración dos profesionais</b>	<b>800,00 €</b>
5.- Custos indirectos:  <b>Administración e Xestión (ata o 13%)</b>	<b>2.975,00 €</b>
6.- Dedicación do persoal:  <b>Dedicación do persoal de organización</b>	<b>1.735,00 €</b>
<b>CUSTO TOTAL PAQUETE DE ACCIÓNS 1</b>	<b>20.610,00 €</b>
7. Premio anual sobre temática específica: Innovación e Economía Circular  <b>Primeiro premio anual a un traballo de investigación a nivel internacional de temática definida en cada anualidade: Innovación e Economía Circular</b>	<b>1.000,00 €</b>
8.- Bolsa de axuda ao transporte para estudante en prácticas en empresas/institucións de fóra de Santiago de Compostela:  <b>Bolsa para 3 estudante de 250 euros</b>	<b>750,00 €</b>
9.- Premios aos mellores Traballos Fin de Máster:  <b>Premios para 2 estudantes de 500 euros</b>	<b>1.000,00 €</b>
10.- Bolsas de colaboración de estudantes do Máster do curso 2018-2019  <b>Bolsas para 5 estudantes de 700 euros</b>	<b>3.500,00 €</b>
<b>CUSTO TOTAL PAQUETE DE ACCIÓN 2</b>	<b>5.250,00 €</b>
<b>CUSTO TOTAL DO PROXECTO (PAQUETES DE ACCIÓN 1 E 2)</b>	<b>26.860,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.688,00 €** o que representa unha porcentaxe de **77,02%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77,02%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/326.9/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
- xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de novembro de 2017 ao 31 de outubro de 2018**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE**

**COMPOSTELA** terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** queda

sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello do Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de novembro de 2017 ata o 31 de outubro do ano 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2018 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O DIPUTADO

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela”

**18.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2017. 9ª FASE: MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP 1703 ESPÍRITU SANTO A FRAIS PQ 2 + 500 COA ESTRADA AC 214 GUÍSAMO-SIGRÁS (CAMBRE); NOVA PONTE NA DP 0106 SAN VICENTE DE VIGO A OZA DOS RÍOS SOBRE O RÍO MERO (ABEGONDO E OZA-CESURAS); MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS PQ 0+000 AO PQ 4+600 (PORTO DO SON); REFORZO DO FIRME NA ESTRADA DP 7001 DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ A MOMÁN (AS PONTES); MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MBQ NA DP 2103 DA ESTRADA DE CASTELO-ÁNDEIRO A SERGUDE PQ 0+000 AO PQ 1+900 (CARRAL).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimentos en vías provinciais 2017 novena fase cun presuposto total de 1.364.124,80 €, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACIÓNS	AUTORIZACIÓNS NECESARIAS
1711100024.0	Mellora da intersección da estrada DP 1703 Espíritu Santo a Fraís PQ 2+500 coa estrada AC 214 Guísamo-Sigrás	Cambre	333.552,75 €	7.804,00 €	Estradas – Xunta
1711100025.0	Nova ponte en DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Ríos sobre o río Mero	Abegondo e Oza- Cesuras	324.370,88 €		Augas de Galicia
1711100026.0	Mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 7103 de Laranga a Olveira por Seráns PQ 0+000 ao PQ 4+600	Porto do Son	436.844,61 €		
1711100027.0	Reforzo de firme na estrada DP 7001 das Pontes de G.R. a Momán	As Pontes	138.240,32 €		
1711100028.0	Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 2103 da estrada de Castelo-Andeiro a Sergude PQ 0+000 ao PQ 1+900	Carral	131.124,24 €		
		<b>TOTAL</b>	<b>1.364.132,80 €</b>	<b>7.804,00 €</b>	

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

**19.-DEIXAR SEN EFECTO A INCLUSIÓN DA OBRA “MELLORA DA TRAVESÍA DO SOUTO NA ESTRADA DP 4604 PK 6,680 AO 7,500” DO CONCELLO DE TOQUES E APROBAR INICIALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2017, 2ª FASE COA OBRA QUE A CONTINUACIÓN SE DETALLA: DP 4604 MELLORA DA TRAVESÍA DO SOUTO NA ESTRADA DP 4604 (TOQUES)**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º) Deixar sen efecto a inclusión da obra que se indica na segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2016 debido a que se detectou un erro no proxecto, consistente na omisión no orzamento da unidade de obra correspondente ao betún asfáltico en mestura bituminosa, erro que supón unha desviación en torno ao 10% do orzamento da obra, polo que mediante Resolución da Presidencia nº 35207 do 09/11/2017 dispúxose que se redactase un novo proxecto no que se emendase o erro producido:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2016.1130.0003.0	MELLORA DA TRAVESÍA DO SOUTO NA ESTRADA DP 4604 PK 6,680 AO 7,500	TOQUES	225.556,78
TOTAL			249.336,02

Deste xeito, a segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2016 queda integrada unicamente polo seguinte proxecto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2016.1130.0002.0	ACONDICIONAMENTO DA DP 1603 AO SEU PASO POLA TRAVESÍA DA PONTE DO PORTO DO PK 0,000 AO 0,330 (CAMARIÑAS)	CAMARIÑAS	440.491,11
TOTAL			442.094,44

2º) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2017 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 249.336,02 € coas obras que a continuación se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2017.1130.0003.0	DP 4604 MELLORA DÁ TRAVESÍA DO SOUTO NA ESTRADA DP 4604 (TOQUES) (1711300003.0) (COD. EXP. 2017000000004)	TOQUES	249.336,02
TOTAL			249.336,02

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

3º) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016).”

**20.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2017, 3ª FASE: MELLORAS NA ESTRADA DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO, FASE II (CARBALLO); ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE TRAVESÍA NA DP 3612 ANEIROS A CABANA FASE II PQ 0+300 AO 1+100 (FERROL)**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2017, 3ª fase, cun orzamento total de 1.454.772,92 €, cos proxectos que a continuación se relacionan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACIÓNS
171130004.0	Melloras na estrada DP 1901 Carballo a Sísamo. Fase II	Carballo	818.662,08 €	
1711130005.0	Actualización do proxecto de Travesía na DP 3612 Aneiros a Cabana Fase II PQ 0+300 ao 1+100	Ferrol	636.110,84 €	226.925,98 €
		TOTAL	1.454.772,92 €	226.925,98 €

Esta aprobación inicial ten carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

2. Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación á que se refire a base 3ª das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2016- 2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29 de xullo de 2016 (BOP 144/ 01 de agosto de 2016).”

**21.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DO PLAN DE TRAVESÍAS 2017, 1ª FASE: DP 8401 DA TABILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA. CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS PQ 5+060 AO 5+470 (TORDOIA)**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar provisionalmente o proxecto DP 8401 de Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra, construción de beirrarrúas p.q. 5+060 ao p.q. 5+470 do Concello de Tordoia, do Plan de travesías 2017, primeira fase, co código 17.1130.0001.0 , cuxos datos son os seguintes:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
DP 8401 DE A TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA. CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS P.Q. 5+060 AO 5+470 (TORDOIA)	169.745,55 €

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

4.- A presente aprobación definitiva quedará condicionada á aprobación da incorporación dos remanentes procedentes do exercicio anterior.”

**22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE PARA FINANCIAR O PROGRAMA “VOZ NATURA 2017”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE**, CIF G-15620651, para regular a achega de **72.000 €** que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2017 para cofinanciar o proxecto **“VOZ NATURA 2017”**, cun orzamento subvencionado de 147.429,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 48,8371 %.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220170002992, do 21.02.2017, da partida 0520/17221/481, do vixente orzamento xeral para 2017. Tendo en conta que o convenio estende a súa vixencia ao ano 2018, procede condicionala á

existencia de crédito axeitado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria no citado exercicio.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “VOZ NATURA 2017”**

Na Coruña, a .... de ..... de 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, Don Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas, e

**MANIFESTAN**

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación encamiñanse á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e concrétase en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa comunidade.

A Deputación da Coruña vén colaborando no cofinanciamento do proxecto “VOZ NATURA” dende hai anos. Na Base 50ª.5 do orzamento xeral figura unha achega nominativa coa citada finalidade.

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre”, para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2017”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na provincia da Coruña durante o presente ano 2017, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2016-2017 e parte das que se realicen no curso escolar 2017-2018.

### II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á provincia da Coruña ascende a 147.429,00 €, e ten o seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	58.930,00 €
Material de promoción para os alumnado	1.245,00 €
Material de oficina, envíos e similares relacionados co proxecto	2.490,00 €
Premios VOZ NATURA e festa de fin de curso	20.750,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos	16.600,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.320,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	39.114,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	4.980,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>147.429,00 €</b>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 48,8371 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,8371 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria

acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderán realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderán ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se for o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderán implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicar unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 150,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2018.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de abril do 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a

Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2018. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA,"

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN  
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE

#### **23.-DAR CONTA DA XESTIÓN REALIZADA POLO ADXUDICATARIO DA CESIÓN DO TEATRO COLÓN E DO INFORME DO CONTROL FINANCEIRO EMITIDO POLA INTERVENCIÓN, CORRESPONDENTE AO PERÍODO 2016-2017.**

O Pleno toma coñecemento da xestión realizada polo adxudicatario da cesión do Teatro Colón e do informe do control financeiro emitido pola intervención, correspondente ao período 2016-2017, aprobado na comisión de seguimento do Teatro Colón, en sesión do 5 de decembro de 2017.

**24.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 39427/2017 DO 13 DE DECEMBRO DE 2017 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 16702, DO 30.07.2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Ratificar a resolución de presidencia nº 39427 / 2017 do 13 de decembro de 2017 pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña designada por Resolución da Presidencia nº 16702 do 30/07/2015 e que a continuación se transcribe:

**“RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 16702 DO 30/07/2015**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Antecedentes

1º) Mediante Resolución da Presidencia nº 16702 do 30/07/2015 aprobouse a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e dos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2º) A composición da Mesa de Contratación modificouse mediante Resolución da Presidencia nº 19273 do 09/09/2015 e foi ratificada polo Pleno na sesión do 11 de setembro de 2015. Posteriormente, foi modificada por Resolución da Presidencia nº 10744 do 12 de maio de 2016, e ratificada polo Pleno na sesión do 27 de maio de 2016

3º) Vista a proposta do Grupo Provincial Socialista de nomear como deputado suplente na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a don José García Liñares, en substitución de D. Julio Sacristán de Diego, que renunciou a súa acta de deputado.

4º) Vista a proposta da Intervención Xeral de nomear como segundo vogal suplente na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a don José María Pérez Alvaríño.

5º) Vista a proposta do Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación de nomear como segundo vogal suplente na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a dona Beatriz Méndez López.

RESOLVO:

1º) Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e dos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTE	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) <b>D. Xesús Manuel Soto Vivero</b>	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) <b>D. Manuel Muíño Espasandín</b>	
VOGAIS	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) <b>D. Bernardo Fernández Piñeiro</b>	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) <b>D. José García Liñares</b>	
	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) <b>Dª Mariel Padín Fernández</b>	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) <b>Dª Susana García Gómez</b>	
	Deputado provincial (Grupo Compostela Aberta, CA) <b>D. Manuel Dios Diz</b>	-	
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) <b>D. Angel García Seoane</b>	-	
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) <b>D. Daniel Díaz Grandío</b>	Deputada provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) <b>Dª Claudia Delso Carreira</b>	
	Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) <b>D. José Luis Almau Supervía</b>	Oficial Maior <b>Dª Mª Amparo C. Taboada Gil</b>	
	Interventor Xeral <b>D. José Manuel Pardellas Rivera</b>	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto <b>D. Juan Bautista Suárez Ramos</b>	Viceinterventor <b>D. José María Pérez Alvariño</b>
Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación <b>D. Luis Jaime Rodríguez Fernández</b>	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE	
	Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación <b>Dª María José Lauda Pan</b>	Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación <b>Dª Beatriz Méndez López</b>	
SECRETARIA CON VOZ E SEN VOTO	Oficial Maior <b>Dª Mª Amparo C. Taboada Gil</b>	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación <b>D. Luis Jaime Rodríguez Fernández</b>	

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.

3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial de la Provincia, de conformidade co establecido no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. ”

## **25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, OROSO, ORDES, TORDOIA E CERCEDA, PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN/ACTUALIZACIÓN DE PROXECTOS DE VÍA VERDE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda para o financiamento da redacción/actualización de proxectos de Vía Verde e cuxo texto figura como **ANEXO**:

### **ANEXO**

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, OROSO, ORDES, TORDOIA E CERCEDA DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A FINANCIACIÓN DE REDACCIÓN/ACTUALIZACIÓN DE PROXECTOS DE VÍA VERDE.**

Na Coruña, a            de            de 2017  
**REUNIDOS**

O Sr. Presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela, D. Martiño Noriega Sánchez.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, D. Manuel Mirás Franqueira.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ordes, D. José Luis Martínez Sanjurjo.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia, D. Antonio Pereira Liñares.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cerceda, D. José García Liñares.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

### **MANIFESTAN**

1.- Os concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda contan con 36,5 km de vías férreas desafectadas que, tras o seu acondicionamento,

serían moi doadas de transitar en bicicleta ou a pé, e constituirían un espazo público de grande atractivo polo seu interese natural e cultural.

2.- Nese marco, a recuperación de camiños de ferro en desuso que discorren polo municipios e a súa transformación en “vía verde” constitúe unha ferramenta óptima para poñer en valor as calidades ambientais, paisaxísticas, patrimoniais e históricas dese vieiro.

3.- A citada vía verde constituirase nunha vía de comunicación non motorizada entre os distintos núcleos de poboación a través de espazos de grande interese medioambiental, histórico e cultural e a creación deste itinerario, servirá para potenciar o turismo rural na zona, o que se fará por medio dunha ruta alternativa e independente das estradas, que teñen trazados que comportan un perigo evidente para os usuarios non motorizados, mellorando así a seguridade dos usuarios ciclistas e sendeiristas, permitindo aos peregrinos que transitan a ruta xacobeá Santiago-Coruña- Fisterra percorrer gran parte desta pola vía verde, sen asumir riscos e incomodidades doutros traxectos expostos á circulación de vehículos de motor.

4.- A transformación deses treitos de antigas vías férreas convertería a “Vía Verde a Compostela” na primeira corredoiro verde de Galicia en lonxitude e tería unha grande transcendencia e repercusión no desenvolvemento socioeconómico dos cinco concellos, e na promoción turística da zona na medida en que enlazaría, por unha ruta alternativa, á capital de Galicia cos municipios veciños.

5.- A redacción dos primeiros 21,85 quilómetros xa foi obxecto de convenio no ano 2010, cun financiamento de 42.920,00 euros. Polo que o obxecto deste novo convenio é a redacción dos novos proxectos, relativos aos tramos restantes, 14,65 quilómetros, e a actualización e descomposición do proxecto redactado no ano 2011, cunha lonxitude de 21,85 quilómetros.

6.- A Deputación Provincial da Coruña considera de grande interese para a provincia o proxecto da “Vía verde”, que pretende dar resposta ás exixencias de mobilidade sostible, ocio participativo e respecto co medio ambiente que presenta á nosa sociedade civil, impulsando a reutilización das vías sen servizo para a creación de Vías Verdes

Visto o anterior considérase procedente a firma dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Tordoia, Oroso e Cerceda para a financiamento da redacción/actualización dos proxectos de Vía Verde, como primeira fase dunha actuación que poderá no futuro desenvolverse nunha segunda fase de financiamento das obras, se os órganos competentes das entidades asinantes consideran oportuna aprobala, e previa existencia de crédito adecuado e suficiente.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña e os Concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Tordoia, Oroso e Cerceda acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Cerceda, Ordes, Oroso, Santiago de Compostela, e Tordoia, para financiar a redacción/actualización dos seguintes proxectos de sendas verdes:

TERMO MUNICIPAL	TRAMO	PERCORRIDO	PK	LONXITUDE (KM)
Santiago de Compostela	1	Santiago de Compostela – Límite Concello de Oroso	0,00 - 10,18	10,18
Oroso	2	Límite Concello Oroso – Límite Concello Ordes	10,18 - 17,33	7,15
Ordes*	3	Límite Concello Ordes – Límite Concello Tordoia	17,33 – 23,82	6,49
Tordoia	4	Límite Concello Tordoia – Límite Concello Ordes	23,82 – 26,28	2,46
Ordes*	5	Límite Concello Ordes – Límite Concello Cerceda	26,28 – 28,34	2,06
Cerceda	6	Límite Concello Cerceda – Variante de Queixas	28,34 – 36,50	8,16
TOTAL				36,50

\*O Concello de Ordes suma entre os tramos 3 e 5 un total de 8,55 Km.

O prazo de redacción/actualización do proxecto para cada concello será SEIS (6) meses para o tramo ou tramos que lles correspondan.

Tendo en conta que dos 36,50 quilómetros, 21,85 quilómetros xa foron financiados cun convenio de colaboración do ano 2010, este convenio financia a actualización dos proxectos dos primeiros 21,85 quilómetros e a redacción dos proxectos dos restantes 14,65 quilómetros, establecéndose un importe de 547,94 euros por quilómetro, xa se trate de actualización ou de redacción dos novos proxectos.

### Segunda. Presuposto total para a redacción de proxectos e financiamento.

O presuposto para a redacción/actualización do proxecto de cada un dos concellos é o seguinte:

	quilómetros	Importe por Km	Km x importe	Importe fixo	
Santiago	10,18	547,94	5.578,03	4.000,00	9.578,03
Oroso	7,15	547,94	3.917,77	4.000,00	7.917,77
Ordes	6,49	547,94	3.556,13	4.000,00	8.684,88
	2,06	547,94	1.128,75	-	
Tordoia	2,46	547,94	1.347,93	4.000,00	5.347,93
Cerceda	8,16	547,94	4.471,20	4.000,00	8.471,20
<b>Totais</b>	<b>36,50</b>		<b>19.999,81</b>	<b>20.000,00</b>	<b>39.999,81</b>

A Deputación Provincial da Coruña financiará o presuposto da redacción/actualización do proxecto de cada un dos concellos, tal e como se define na cláusula anterior cunha achega máxima total para todos os concellos de 31.999,86 € o que representa unha porcentaxe do 80 %, considerando a singularidade e transcendencia desta actuación medioambiental.

	Custo total	Achega concello		Achega Deputación	
		Porcentaxe	Importe	Porcentaxe	Importe
Santiago	9.578,03	20%	1.915,60	80%	7.662,43
Oroso	7.917,77	20%	1.583,55	80%	6.334,22
Ordes	8.684,88	20%	1.736,98	80%	6.947,90
		20%			
Tordoia	5.347,93	20%	1.069,58	80%	4.278,35
Cerceda	8.471,20	20%	1.694,24	80%	6.776,96
<b>Totais</b>	<b>39.999,81</b>	<b>20%</b>	<b>7.999,95</b>		<b>31.999,86</b>

Para a determinación da achega da Deputación e dos concellos estableceuse unha cota fixa por concello de 4.000,00 € e unha cota variable en función do número de quilómetros de vía verde que transcorre por cada concello.

O compromiso da Deputación no presente convenio circunscríbese exclusivamente ao financiamento do custo da redacción/actualización dos proxectos, sen prexuízo de que se formalicen novos convenios, de consideralo os respectivos órganos competentes, para o financiamento da fase de execución dos proxectos ou actualización, e existencia de crédito adecuado e suficiente.

1. No caso de que o importe máximo xustificable non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.
2. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da redacción/actualización dos proxectos e, polo tanto, non se financiarán os gastos de tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, execución de obras, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións dos proxectos.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/4541/46201 do presuposto provincial do ano 2017. Dado que a vixencia do convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento da Lei de estabilidade presupostaria.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que os concellos obteñan para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificable.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificable, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **Terceira. Contratación da redacción dos proxectos.**

Os concellos, contratarán, cada un, a redacción do proxecto do tramo ou tramos que transcorren polo seu termo municipal, de acordo co establecido na normativa de contratos do sector público.

### **Cuarta. Publicidade do financiamento provincial.**

Na portada dos proxectos e no seu interior figurará o logotipo da Deputación e farase constar o financiamento da Deputación nos propios proxectos/actualizacións e na publicidade institucional e calquera outro acto de divulgación ou presentación que se faga polos concellos.

### **Quinta. Responsable do contrato.**

Cada concello designará un responsable dos contratos que verifique que o proxecto do seu concello reúne a documentación técnica, xurídica e económica preceptiva.

### **Sexta. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Ata o 50 por cento da achega provincial terá carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor de cada concello pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do proxecto/actualización unha vez que se xunte ao expediente a seguinte documentación:
  - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de redacción/actualización do proxecto de cada concello, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: entidade adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
2. Unha vez entregado o proxecto/actualización, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada).
  - Copia en formato dixital do proxecto/actualización, onde conste o financiamento provincial tal e como se indica na cláusula cuarta do convenio.
  - Informe do técnico responsable do contrato sobre o citado proxecto/actualización.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula cuarta (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
  - Deberá acreditar o pago efectivo ós terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. O aboamento da contía resultante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello. E se transcorreran máis de catro meses dende a correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito o aboamento dos xuros de mora, o tipo de xuro legal que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo prazo.

### **Sétima. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas

tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **Oitava.Comisión de seguimento.**

Constituirase unha comisión de seguimento formada por 6 vogais, a razón de un membro designado por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación da Coruña e polos alcaldes dos Concellos, respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### **Novena. Reintegro, infraccións e sancións.**

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización dos proxectos implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización dos proxectos excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **Décima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez sexa aprobado polos órganos competentes e formalizado o seu texto.

Para o caso de que o concello non poida ter rematados os proxectos/actualizacións e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director do proxecto , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida.

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. O non cumprimento do seu obxecto.
2. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
3. O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
4. Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión deste.

**Décimo primeira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos concellos serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**Décimo segunda. Natureza e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o xxxx de de 2017

Así din e asinan, en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña,  
D. Valentín González Formoso

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela,  
D. Martiño Noriega Sánchez.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Oroso,  
D. Manuel Mirás Franqueira.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ordes,  
D. José Luis Martínez Sanjurjo.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia,

D. Antonio Pereira Liñares.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cerceda,  
D. José García Liñares.”

**26.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA  
“ACONDICIONAMENTO DA REDE DE SANEAMENTO E ARRANXO DE  
DEPURADORA EN LIRES” DO CONCELLO DE CEE INCLUÍDA NA 3ª FASE DO  
PAS 2015 CO CÓDIGO 15.3110.0032.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Cee denominada “Acondicionamento da rede de saneamento e arranxo de depuradora en Lires”, co código 2015.3110.0032.0

Logo de presentar o Concello de Cee un proxecto modificado desta obra, sen variación económica no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, co obxecto de incluír as especificacións técnicas omitidas no proxecto orixinal debido a circunstancias que xurdiron durante a execución das obras; logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Cee denominada “Acondicionamento da rede de saneamento e arranxo de depuradora en Lires”, incluída na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0032.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 98.532,36 € que non representa unha variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que introduce variacións nas partidas que supoñen unha alteración interna do seu contido superior ao 30% co fin de adaptar o proxecto ás circunstancias imprevistas xurdidas durante a súa execución

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
CEE	2015.3110.0032.0	Acondicionamento da rede de saneamento e arranxo de depuradora en Lires	98.532,36 €	0,00 €	98.532,36 €

2.- Na partida 0430/1603/76201 do vixente orzamento provincial correspondente ao Plan de Acción Social (PAS ) 2015 existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.”

**27.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “SENDA LITORAL ENTRE SANTA ANA E CANIDE” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0123.0)**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Oleiros denominada “Senda Litoral entre Santa Ana e Canide”, co código 2015.3110.0123.0

Logo de presentar o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra, sen variación do seu orzamento, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables, xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Oleiros denominada “Senda Litoral entre Santa Ana e Canide”, incluída na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0123.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 507.677,93 €, que aínda que non supón variación do seu orzamento total, representa unha modificación superior ao 30% das partidas internas de execución material con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
OLEIROS	2015.3110.0123.0	Senda Litoral entre Santa Ana e Canide	373.734,99	133.942,94	507.677,93

O aboamento da achega da Deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1713/76201 do vixente orzamento provincial.

2.-Comunicarlle ao Concello de Oleiros a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

**28.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REPARACIÓN DE VARANDAS NO PASEO FLUVIAL DO RÍO SAR E OUTRO” DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NA 4ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DENTRO DO PLAN (CÓDIGO 2015.3110.0323.0)**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015.

Logo de ver que no Anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do concello de Padrón denominada “Reparación varandas Paseo Fluvial do río Sar e outro” cuxa aprobación definitiva quedou condicionada ao cumprimento da condición da obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Logo de presentar o Concello de Padrón a autorización concedida mediante Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data do 19 de xuño de 2017, na que se indican as condicións e requirimentos que fan necesario modificar o proxecto da obra e a cuxa obtención condicionouse a súa aprobación definitiva.

Logo de presentar o Concello de Padrón un proxecto modificado desta obra, sen variación económica no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, co obxecto de incluír os condicionantes e requirimentos da autorización sectorial a cuxa obtención quedou condicionada a súa aprobación definitiva; así como logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación da súa aprobación polo concello.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Padrón denominada “Reparación varandas Paseo Fluvial do río Sar e outro”, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0323.0, que foi aprobada polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, cun orzamento de contrata de 59.872,81€, que non representa unha variación do seu orzamento, nin varía o seu obxecto e finalidade, aínda que supón unha alteración interna do seu contido superior ao 30% para recoller as esixencias técnicas contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a cuxa obtención quedou condicionada a aprobación definitiva desta obra.

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumprida a condición á que foi sometida a aprobación desta obra no citado acordo plenario de aprobación do Plan, e polo tanto considerar definitivamente aprobada esta obra.

CONCELLO	CÓDIGO PARTIDA	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
PADRÓN	2015.3110.0323.0 0430 4543 76201	Reparación varandas Paseo Fluvial do río Sar e outro	59.872,81	0,00	59.872,81	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

3.- Na partida 0430/4543/76201 do vixente orzamento provincial correspondente ao Plan de Acción Social (PAS) 2015 existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.”

**29.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NA CASA CUBERTA (LARDEIROS) E OUTROS”, DO CONCELLO DO PINO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017 CO CÓDIGO 17.3110.0229.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137, do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello do Pino un proxecto modificado desta obra, “Pavimentación de viais na Casa Cuberta (Lardeiros) e outros”, do Concello do Pino, incluída no POS+ 2017 co código 17.3110.0229.0, logo dos correspondentes informes técnicos e xurídicos previos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 (BOP nº 226 do 29 de novembro de 2016)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Pavimentación de viais na Casa Cuberta (Lardeiros) e outros”, do Concello do Pino, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3110.0229.0, cos datos que se indican na táboa seguinte, que foi aprobado polo concello logo dos informes técnicos e xurídicos previos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra, e que aínda que non supón variación do seu orzamento total, representa unha modificación superior ao 30% das partidas internas de execución material e un cambio de trazado da obra con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
17.3110.0229.0	O Pino	Pavimentación viais na Casa Cuberta (Lardeiros) e outros	93.777,30	0,00	93.777,30

A achega provincial para o financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0430/4539/76201 do vixente orzamento provincial.”

### **30- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA Á "SECCIÓN DE ENTIDADES LOCALES CON AGUAS MINERALES Y TERMALES DE LA FEMP" E APROBACIÓN DAS NORMAS DO SEU FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Aprobar o compromiso de adhesión da Deputación da Coruña á *Sección de Entidades Locales con Aguas Minerales y Termales de la FEMP* adscrita á Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios e Provincias.

2º. Aprobar as normas de funcionamento e organización da *Sección de Entidades Locales* que a continuación se detallan:

### **NORMAS DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DA SECCIÓN DE ENTIDADES LOCAIS CON AUGAS MINERAIS E TERMAIS**

#### **TÍTULO PRELIMINAR-DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1**

A Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais, que no concerne á promoción turística das entidades Locais adscritas á sección, actuará baixo a denominación de “Vilas Termiais FEMP”, constitúese de conformidade co previsto no artigo 44 dos estatutos da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), e ao amparo do disposto na Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local e demais normativa de pertinente aplicación.

##### **Artigo 2**

A súa actividade rexerase polo disposto nos estatutos da FEMP, o seu Regulamento de réxime interior, así como polas presentes normas.

##### **Artigo 3**

A Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais ten o seu domicilio social na sede da FEMP, rúa Nuncio nº 8 de Madrid, con independencia de que acorde establecer as súas oficinas administrativas, ou celebrar as súas reunións, en calquera dos municipios asociados.

##### **Artigo 4**

O ámbito de actuación da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais é o territorio nacional e a súa duración establécese por tempo indefinido.

## **TÍTULO I. OBXECTIVOS**

### **Artigo 5**

A Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas ten como obxectivos:

- A defensa dos intereses das entidades locais que contan con augas minerais, augas mineiro-medicinais, minerais naturais, mineiro-industriais ou termas, co obxecto de contribuír ao seu desenvolvemento sustentable desde unha perspectiva socioeconómica, urbana, cultural, sanitaria, turística e ambiental.
- A promoción do aproveitamento integral das augas minerais como recurso produtivo nas súas diferentes vertentes, e a potenciación de políticas e ferramentas comúns de modernización e calidade para promover o atractivo e a competitividade de entidades locais con augas minerais.
- O impulso do papel activo dos entes locais na planificación e desenvolvemento dos seus recursos en augas minerais, favorecendo a súa integración no tecido socioeconómico local.
- O intercambio de información e experiencias, a prestación de servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros, a formación de persoal técnico e a mutua cooperación entre as autoridades das entidades locais que contan con augas minerais.
- A colaboración a nivel interrexional, nacional e internacional con autoridades, asociacións e institucións, facilitando a coordinación e cooperación entre elas.
- A promoción turística nacional e internacional de entidades locais que configuran a marca "Vilas Termas FEMP".
- Contribuír co conxunto de administracións públicas á definición de obxectivos e posta en funcionamento dunha política integral no desenvolvemento das entidades locais con augas minerais.
- Calquera outro obxecto directamente relacionado cos fins desta.

### **Artigo 6**

Para o cumprimento destes obxectivos, a Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas:

- a) Establecerá a estrutura orgánica pertinente
- b) Facilitará o intercambio de información sobre temas que afecten o persoal asociado tanto a nivel nacional como europeo.
- c) Constituirá servizos de asesoramento e de asistencia para os seus membros.
- d) Organizará e participará en reunións, seminarios e congresos.
- e) Dirixirase aos poderes públicos e intervirá, no seu caso, en relación coa formulación da normativa legal que afecte aos municipios asociados.
- f) Promoverá publicacións e documentos informativos en materia da súa competencia.

## **TÍTULO II. DOS ASOCIADOS**

### **Artigo 7**

A Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas está composta por socios titulares, socios de honra observadores e persoas colaboradoras.

### **Artigo 8**

Son socios titulares todas as entidades locais, integradas na FEMP, que manifesten mediante o correspondente acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a súa

vontade expresa de adherirse á Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals e de cumprir os seus fins estatutarios.

Ademais deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Dispor no seu territorio de augas declaradas ou que se pretendan declarar como augas minerais ou termals.

b) Dispor no seu territorio de establecementos balnearios ou de plantas de envasado de augas minerais naturais, en funcionamento ou en proxecto de construción.

A representación de cada entidade desempeñaraa o seu presidente ou o membro da Corporación en quen este delegue, sen prexuízo do que establece o artigo 28 destes estatutos.

Esta delegación deberá ser expresa e referida para cada acto concreto.

### **Artigo 9**

Poderán ser socias/os de honra as persoas físicas ou xurídicas que sexan propostas/os como tales polo Consello de Goberno da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals e sexan nomeados pola Xunta de Goberno da FEMP pola súa especial contribución aos fins da asociación.

### **Artigo 10**

Poderán ser observadoras/es, aquelas institucións ou entidades públicas de ámbito estatal ou autonómico cuxo obxecto sexa a promoción do turismo termal, sexan propostos como tales polo Consello de Goberno da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals e sexan nomeados pola Xunta de Goberno da FEMP.

### **Artigo 11**

Poderán ser persoas colaboradoras da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals aquelas empresas, entidades privadas, institucións cuxo obxecto sexa a promoción do “turismo termal” e sexan aceptadas como persoas colaboradoras pola Asemblea Xeral. A participación como persoas colaboradoras nas actividades da Sección establecerase mediante un convenio de colaboración e deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno da FEMP.

### **Artigo 12**

As/Os socias/os de honra, as persoas observadoras e as persoas colaboradoras, legalmente convocadas polos órganos pertinentes da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals poderán participar nas reunións desta con voz pero sen voto.

### **Artigo 13**

A alta e a baixa das persoas socias titulares serán aprobadas pola Xunta de Goberno da FEMP coa recepción previa do acordo plenario da corporación local interesada.

O acordo da Xunta de Goberno da FEMP farase constar na acta correspondente e no libro de rexistro que levará a Secretaría Xeral, e producirá efecto desde o mesmo día en que sexa adoptado.

### **Artigo 14**

As persoas socias titulares terán as seguintes obrigacións:

a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados.

b) Pagar as cotas, derramas e demais achegas que se establezan en cada caso.

c) Compartir os fins estatutarios da asociación, colaborar na súa consecución e velar polo seu cumprimento.

### **Artigo 15**

As persoas socias titulares terán os seguintes dereitos:

- a) Asistir con voz e voto ás asembleas tanto ordinarias como extraordinarias e a calquera outro tipo de encontro para o que sexan convocadas.
- b) Ocupar cargos nos órganos reitores da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- c) Participar nos traballos da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- d) Utilizar as instalacións e os servizos que presta a Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- e) Propór a convocatoria das sesións dos órganos de goberno e/ou propór os asuntos da orde do día que se vai tratar nestas.
- f) Ser informado acerca da composición dos órganos reitores da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals e dos demais enumerados nos presentes estatutos.
- g) Estar ao corrente do desenvolvemento das actividades da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals, así como do estado das súas contas.
- h) Ser ouvido con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela e ser antes informada dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- i) Impugnar calquera acordo das Entidades Locais con Augas Minerais e Termals que estime contrarios á lei ou a estes estatutos .

### **Artigo 16**

1.- Para que unha persoa socia titular poida exercer plenamente os seus dereitos nunha asemblea deberá ter a condición de tal con anterioridade á data da súa convocatoria. En caso de non cumprirse este requisito, poderá participar nela con voz, pero sen voto.

2.- Perderá o seu dereito a voz e voto na Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e

Termals calquera persoa socia titular que deba un ano de cotización. A perda dese dereito deberá ser acordado pola Xunta de Goberno da FEMP, co expediente instruído previamente polo Consello de Goberno da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals, coas esixencias recollidas na letra h) do artigo 15 dos presentes estatutos.

### **Artigo 17**

1.- A condición de socio perderase:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, adoptada de acordo co previsto no artigo 13 destes estatutos. O acordo plenario deberá ser comunicado pola alcaldía/ presidencia, mediante escrito dirixido ao presidente da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals con polo menos tres meses de antelación ao final do exercicio.
- b) Cando se produza falta de pagamento de cotas por un período superior ao ano.
- c) Por acordo da Xunta de Goberno da FEMP, debido a incumprimentos graves na súa condición de socio.
- d) Pola perda dos requisitos marcados pola sección.
- e) Por deixar de ser membro da Federación Española de Municipios e Provincias.

2.- Nos casos aos que se refiren os apartados b) e c) anteriores, será obrigada a instrución previa de expediente, coas esixencias recollidas na letra h) do artigo 15 destes estatutos, que deberá ser instruído polo Consello de Goberno da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals e resolto pola Xunta de Goberno da FEMP.

### **Artigo 18**

A baixa como socio na Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals calquera que sexa a súa causa, implicará:

- a) A perda dos seus dereitos e obrigacións.
- b) A imposibilidade de reclamar ningunha devolución patrimonial.
- c) A obrigación de aboar as cantidades que por calquera motivo debese ata ese momento á Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.

## **TÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **Artigo 19**

1.- Os órganos reitores da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals son:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) O Consello de Goberno
- c) A Presidencia.

2.- Os cargos de Presidencia, vicepresidencias e de vogais do Consello de Goberno serán gratuítos.

3.- O mandato do Consello de Goberno e da Presidencia coincidirá co das corporacións locais.

### **Capítulo I. A Asemblea Xeral**

### **Artigo 20**

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de Goberno da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals, e está integrada pola representación das persoas socias titulares, socias de honra, observadoras e colaboradoras.

### **Artigo 21**

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a) Elixir a catorce (14) vogais do Consello de Goberno.
- b) Deseñar a política adecuada para a defensa dos intereses e cumprimento dos obxectivos propios da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals. Aprobar cantas decisións se estimen convenientes para o desenvolvemento dos fins da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- c) Aprobar cantas decisións se estimen convenientes para o desenvolvemento dos fins da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- d) Aprobar o Programa de Actuación, a Memoria e os orzamentos anuais de Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- e) Propor á Xunta de Goberno da FEMP a aprobación ou modificación destes estatutos.
- f) Propor á Xunta de Goberno da FEMP a disolución da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- g) Aprobar a acta de cada asemblea anterior.

## **Artigo 22**

A Asemblea Xeral terá carácter ordinario e extraordinario:

a) Con carácter ordinario reunirase unha vez ao ano, no transcurso do último trimestre, e en todo caso no prazo de catro meses a partir de que a Xunta de Goberno da FEMP elixa a súa Presidencia e vicepresidencias, despois das eleccións locais.

b) Con carácter extraordinario sempre que o estime o Consello de Goberno, por propia iniciativa ou por pedimento dun número de socios que represente, polo menos, a metade dos votos da asemblea, e sexa ratificado pola Xunta de Goberno da FEMP.

## **Artigo 23**

A convocatoria da asemblea tanto ordinaria como extraordinaria deberá realizala a Presidencia, cun mes de antelación, polo menos, á data da súa reunión, salvo o disposto no parágrafo seguinte.

No caso de tratarse dunha asemblea extraordinaria, a Presidencia non poderá demorar a súa convocatoria nun prazo non superior aos dous meses desde que se efectuou a súa solicitude, despois de que ratifique esta solicitude a Xunta de Goberno da FEMP.

## **Artigo 24**

A orde do día da asemblea será fixada polo Consello de Goberno e deberá de remitirse xunto coa convocatoria, salvo no suposto da convocatoria da Asemblea Ordinaria tras a celebración das eleccións municipais, que será fixada pola Presidencia.

No caso de asemblea ordinaria, ademais da orde do día, poderán tratarse no punto de rogos e preguntas todos aqueles asuntos que sendo inherentes aos fins da Asociación as persoas socias estimen convenientes.

En caso de Asemblea Xeral extraordinaria só poderán debaterse os asuntos incluídos na orde do día.

En todo caso a proposta de modificación de estatutos e a proposta de disolución da Asociación deberá incluírse como un punto específico na orde do día da correspondente convocatoria.

## **Artigo 25**

1.- Como regra xeral, para adoptar calquera resolución ou acordo, será necesaria a maioría simple dos votos acreditados na asemblea.

2.- Requirirase unha maioría absoluta do número total de votos acreditados na asemblea para:

a) Propor a aprobación e modificación de estatutos.

b) Propor a disolución da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais.

3.- A ausencia dalgún socio titular, unha vez iniciada a deliberación do asunto, computarase como abstención.

4.- En todo caso, todos os acordos da Asemblea Xeral estarán sometidos a ratificación da Xunta de Goberno da FEMP, en cumprimento do establecido no artigo 44 dos estatutos da FEMP.

### **Artigo 26**

1.- Os votos de cada persoa socia titular na asemblea son os expresados na seguinte escala:

- Corporación de ata 2.500 habitantes 2 votos.
- Corporación de 2.501 a 5.000 habitantes 3 votos.
- Corporación de 5.001 a 10.000 habitantes 5 votos.
- Corporación de 10.001 a 20.000 habitantes 10 votos.
- Corporación de 20.001 a 50.000 habitantes 15 votos.
- Corporación de 50.001 a 100.000 habitantes 30 votos.
- Corporación de 100.001 a 500.000 habitantes 50 votos.
- Corporación de 500.001 a 1.000.000 habitantes 75 votos.
- Corporación de máis de 1.000.000 habitantes 100 votos.

2.- A determinación dos votos realizarase respecto dos habitantes de dereito, de acordo coa última rectificación do padrón.

### **Artigo 27**

A asemblea constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia de socios/as titulares que representen a metade máis un dos votos da asemblea.

En segunda convocatoria, unha hora máis tarde, calquera que sexa o número de votos representado.

### **Artigo 28**

Poderán participar na asemblea as persoas socias titulares que estean ao corrente do pago das súas cotas anuais.

Tamén formarán parte desta as persoas socias de honra, observadoras e colaboradoras con voz pero sen dereito a voto.

A representación na asemblea de cada socio que exercerá a Alcaldía ou Presidencia da Corporación.

Será admitida a delegación de voto dunha Corporación noutro membro da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais, da súa mesma comunidade autónoma, mediante acordo da Presidencia da Corporación. Este acordo debe estar en poder da Presidencia antes de iniciarse a sesión.

### **Artigo 29**

Os debates, acordos e resolucións da asemblea quedarán reflectidos nas correspondentes actas que levará a Secretaría Técnica.

### **Artigo 30**

De conformidade co disposto no artigo 44 dos estatutos da FEMP, a Secretaría da Asemblea Xeral da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais, correspóndelle á Secretaría Xeral da FEMP, a cal poderá delegar estas funcións.

## **Capítulo II. O Consello de Goberno**

### **Artigo 31**

1.- O Consello de Goberno é o órgano de representación, goberno e administración da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais, e o encargado de desenvolver as resolucións aprobadas pola Asemblea da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais.

2.- Para ser membro desta requírese ser membro de calquera das corporacións locais que sexan persoas socias titulares da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.

3.- O mandato dos membros do Consello de Goberno será de catro anos e renovarase á vez que se renovan as corporacións locais por cumprimento do seu mandato legal.

Unha vez finalizado o seu mandato, quedará disolto, pasando todas as súas competencias á Xunta de Goberno da FEMP, ou en quen ela delegue, a cal en ningún caso poderá adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

### **Artigo 32**

O Consello de Goberno estará integrado por:

- a) A Presidencia da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- b) As dúas vicepresidencias.
- c) Catorce (14) vogais elixidas/os pola Asemblea Xeral de entre as persoas representantes das persoas socias titulares da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals. O resultado da elección deberá reflectir a pluralidade e proporcionalidade política e territorial dos ditos membros.

O Consello de Goberno poderá convidar a asistir ás reunións a calquera outro membro da Sección, institucións públicas ou privadas ou empresas, asociacións profesionais, cando o estime oportuno.

### **Artigo 33**

Son funcións do Consello de Goberno:

- a) O desenvolvemento e seguimento dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- b) Velar por cumprir os fins estatutarios.
- c) Proporlle á Asemblea Xeral as modificacións nos estatutos ou normas que estimen convenientes.
- d) Aprobar a orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria.
- e) Decidir sobre aqueles asuntos que pola súa urxencia non poidan ser presentados á Asemblea Xeral, dándolle conta a esta na seguinte sesión que realice.
- f) Elaborar propostas de actuación e o programa de traballo da Asociación.
- g) Elaborar a memoria e orzamentos anuais da Asociación.
- h) Dirixir a realización de publicacións e estudos.
- i) Delegar na Presidencia a sinatura de convenios cos poderes públicos e con outras organizacións que teñan finalidades similares á Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals.
- j) Constituír Grupos de Traballo para o estudo de temas específicos de interese común dos asociados.
- k) Proporlle á Xunta de Goberno da FEMP a aprobación das cotas anuais.
- l) Cubrir as vacantes de vogais que se produzan no propio Consello, durante o período entre asembleas.

Os acordos deberán constar no Libro de actas que, para ese efecto, leve a Secretaría Técnica, debendo ser visados pola Presidencia.

Os acordos do Consello de Goberno deberán ser ratificados pola Xunta de Goberno da FEMP.

### **Artigo 34**

Os membros do Consello de Goberno deberán desempeñar a condición de cargo electo dunha corporación Local. En caso contrario, causarán baixa inmediatamente, sendo substituídos polo Consello de Goberno de entre os socios titulares da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais pertencentes ao mesmo grupo político polo que foi elixido.

Cesarán automaticamente os membros do Consello de Goberno que por calquera motivo deixaren de pertencer ao grupo político polo que foron elixidos, sendo substituídos polo Consello de Goberno de entre os pertencentes ao mesmo grupo.

### **Artigo 35**

O Consello de Goberno poderá delegar nunha persoa ou varias dos seus membros ou na persoa titular da Secretaría Técnica, as facultades que estime convenientes para unha maior operatividade.

### **Artigo 36**

a) O Consello de Goberno reunirse en sesión ordinaria coa periodicidade que ela mesma preestableza, e sesión extraordinaria cando sexa convocada con tal carácter pola Presidencia, solicíteo un número das súas persoas socias non inferior ás súas dúas quintas partes ou un número de socias/os que represente, polo menos, a metade dos votos da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termiais.

b) Correspóndelle á Presidencia convocar as sesións do Consello de Goberno e fixar a orde do día que acompañará a convocatoria e que, tratándose de sesión extraordinaria, incluírá os asuntos propostos por quen a solicitaron. As sesións extraordinarias celebraranse dentro dos quince días seguintes á súa solicitude.

c) A convocatoria realizarase por escrito, cunha antelación mínima de 10 días naturais, e será asinada pola Presidencia e nela deberá figurar a orde do día así como día, hora e lugar en que esta terá lugar, tanto en primeira como en segunda convocatoria, cun tempo mínimo entre ambos os chamamentos de quince minutos.

d) Coa convocatoria acompañarase a documentación que se vai tratar na reunión así como a acta da reunión anterior que lerá o/a secretario/a técnico/a na sala para a súa aprobación.

e) O Consello de Goberno constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da metade máis un dos membros que o compoñen e, en segunda convocatoria, unha hora máis tarde, calquera que sexa o número de membros presentes nese momento. En todo caso, requirirase a asistencia da Presidencia e da Secretaría Técnica, ou de quen lles substitúan de acordo co disposto nos presentes estatutos.

f) Os acordos do Consello de Goberno adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos polos membros asistentes á sesión. No caso de votacións con resultado de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

g) Cada un dos membros do Consello de Goberno desempeñará un só voto. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros do Consello de Goberno absterse de votar. Computarase como abstención a daqueles membros do Consello de Goberno que se ausentaren da reunión no momento da votación.

h) As actuacións seguidas nas sesións, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán reflectidas nas correspondentes actas.

i) De conformidade co disposto no artigo 44 dos estatutos da FEMP, a Secretaría do Consello de Goberno, correspóndelle á Secretaría Xeral da FEMP quen poderá delegar estas funcións no secretario técnico da asociación.

### **Capítulo III. A Presidencia**

#### **Artigo 37**

A Presidencia é a representación ordinaria da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas e será designada pola Xunta de Goberno da FEMP de entre as/os representantes dos membros da Asociación, que desempeñen a condición de Alcaldía ou Presidencia de Deputación.

A duración do seu mandato será o mesmo ca o das corporacións locais.

Unha vez finalizado o seu mandato, pasarán todas as súas competencias á Xunta de Goberno da FEMP, ou en quen ela delegue.

En caso de ausencia ou enfermidade, será substituída polas vicepresidencias pola súa orde.

Cesará automaticamente a Presidencia que por calquera motivo deixara de pertencer ao grupo político polo que foi elixido a Alcaldía ou a Presidencia de Deputación.

En caso de vacante ou perda da condición de electo local procederáse á elección de nova Presidencia, asumindo interinamente a Presidencia as vicepresidencias pola súa orde.

#### **Artigo 38**

As dúas vicepresidencias, serán designadas pola Xunta de Goberno da FEMP, e substituiráse por orde en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou delegación expresa exercendo as súas funcións polo tempo que dure calquera destas situacións.

Cesará automaticamente a Vicepresidencia que por calquera motivo deixara de pertencer ao grupo político polo que foi elixido a Alcaldía ou a Presidencia de Deputación.

#### **Artigo 39**

En caso de renuncia ou perda da condición de electa/o local antes de finalizar o mandato, a Xunta de Goberno da FEMP nomeará unha nova Presidencia.

#### **Artigo 40**

Son funcións da Presidencia:

- a) Representar á Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas perante outras institucións ou organismos públicos e privados.
- b) Dirixir o funcionamento ordinario da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas.
- c) Presidir, coordinar e convocar o Consello de Goberno.
- d) Propor a orde do día do Consello de Goberno e da Asemblea Xeral, debendo ser esta última ratificada polo Consello de Goberno.
- e) Convocar a Asemblea Xeral e executar os seus acordos dando conta disto regularmente ao Consello de Goberno.
- f) Presentar o orzamento e o estado de contas e a Memoria anual á Asemblea Xeral.
- g) Vixiar o cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e do Consello de Goberno.
- h) Delegar nas vicepresidencias, vogais ou Secretaría Técnica, cantas funcións considere idóneas en aras dun mellor funcionamento da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termas.
- i) Propor grupos de traballo para temas concretos.
- j) Calquera outra que lle sexa atribuída polo Consello de Goberno ou pola Asemblea Xeral.

k) Autorizar os gastos, ordenar os pagos e a intervención da contabilidade en colaboración coa Secretaría Técnica, sen prexuízo do disposto no artigo 50 respecto da competencia da Secretaría Xeral da FEMP na intervención das contas da asociación.

#### **Capítulo IV. Da Secretaría Técnica da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals**

##### **Artigo 41**

a) A Secretaría Técnica da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals é o elemento administrativo adscrito á Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals, e o seu titular será nomeado e cesado pola Secretaría Xeral da FEMP, de entre o persoal da Federación, en cumprimento do previsto no artigo 44 dos seus estatutos.

b) Asistirá con voz pero sen voto, ás reunións da Asemblea Xeral e do Consello de Goberno.

##### **Artigo 42**

Correspóndelle á Secretaria Técnica da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termals:

a) A execución material dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral e polo Consello de Goberno da Sección.

b) A elaboración da memoria e orzamento anual, en función do Plan de obxectivos e a captación dos recursos económicos externos e a súa xestión posterior na consecución dos fins da Sección.

c) A xestión administrativa e orzamentaria, o arquivo e custodia da documentación relativa á Sección. A xestión dos fondos da Sección, tanto no ámbito económico como administrativo, realizarase segundo o previsto no Regulamento de Réxime Interior da FEMP.

d) A organización e preparación das reunións da Asemblea Xeral e do Consello de Goberno, así como as de carácter técnico ou consultivo, levantando acta das sesións que celebren estes órganos e dando o seu posterior traslado delas á Xunta de Goberno da FEMP.

e) A elaboración da memoria de actividades da Sección a súa aprobación pola Asemblea Xeral e o Consello de Goberno.

f) Informar e asistir a Presidencia nas súas funcións.

g) A realización de calquera outra función que lle sexa encomendada polos órganos reitores da Sección.

h) A persoa titular da Secretaría Técnica asiste ás reunións do Consello de Goberno e da Asemblea Xeral da Sección con voz pero sen voto.

i) Levantar acta das sesións tanto do Consello de Goberno como da Asemblea Xeral, que asinará xunto co Presidente.

j) Velar polo funcionamento dos servizos da Sección.

##### **Artigo 43**

A Secretaría Técnica da Sección informará de maneira periódica a Presidencia, a Secretaría Xeral da FEMP, e a Dirección Xeral da FEMP responsable das Asociacións, Redes e Seccións existentes no seu seo, das actuacións que realice no uso das súas competencias.

## **Capítulo V. Dos grupos de traballo**

### **Artigo 44**

Para elaborar estudos e formulación de propostas poderán constituírse grupos de traballo. Estes grupos crearaos o Consello de Goberno da Sección e coordinaraos a Secretaría Técnica desta.

## **TÍTULO IV.- RÉXIME XURÍDICO**

### **Artigo 45**

As competencias e funcións atribuídas nos artigos anteriores aos órganos reitores da Sección e á Secretaría Técnica, enténdense sen prexuízo do establecido no artigo 44 dos estatutos da FEMP.

## **TÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 46**

Os recursos económicos da Sección están constituídos por:

- a) As cotas dos seus socios titulares.
- b) As subvencións e doazóns que esta obteña.
- c) Calquera outra achega específica que veña a servir os obxectivos da Sección de Entidades Locais con Augas Minerais e Termais.

### **Artigo 47**

- a) As cotas anuais serán aprobadas pola Xunta de Goberno da FEMP, tras a proposta para o efecto realizada polo Consello de Goberno da Sección que determinará as súas contías en función dunha cantidade fixa por habitante e ano do territorio correspondente a cada socio titular.
- b) Cada membro estará obrigado a remitir anualmente un certificado da poboación do Municipio en aras a proceder coa liquidación.
- c) As cotas anuais deberán ser ingresadas no primeiro cuadrimestre do ano.
- d) Para efectos contables, a data de peche de cada exercicio anual será a do 31 de decembro.
- e) A Sección reflectirá na súa contabilidade o estado do seu patrimonio, os seus resultados e a súa situación financeira, así como a orixe, contía, destino e aplicación dos ingresos públicos que perciba.
- f) O estado da contabilidade, así como a memoria de actividades de cada exercicio, a relación actualizada dos asociados, o inventario de bens e os libros de actas das reunións dos órganos de goberno da Sección, estarán en todo momento ao dispor dos seus asociados, a través do titular da Secretaría Xeral FEMP e nos termos dispostos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### **Artigo 48**

- 1.- Os membros ou titulares dos órganos de goberno e as demais persoas que obren en nome e representación da Sección, responderán perante esta, perante persoas asociadas e perante terceiras polos danos causados e as débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.
- 2.- As persoas a que se refire o parágrafo anterior responderán civil e administrativamente polos actos e omisións realizados no exercicio das súas funcións, e polos acordos que votasen, fronte a terceiros, á Sección e aos/ás asociados/as.

3.- Cando a responsabilidade non poida ser imputada a ningún membro ou titular dos órganos de goberno e representación, responderán todos solidariamente polos actos e omisións a que se refiren os apartados anteriores, a menos que poidan acreditar que non participaron na súa aprobación e execución ou que expresamente se opuxeron a elas.

#### **Artigo 49**

De igual forma que a lei o establece para as persoas asociadas á Sección, a contratación, dentro do marco da Sección, deberase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e de garantía do obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto.

#### **Artigo 50**

Correspóndelle á Secretaría Xeral da FEMP a intervención das contas da Asociación.

### **TÍTULO VI. DISOLUCIÓN DA SECCIÓN**

#### **Artigo 51**

En caso de disolución proposta pola Asemblea Xeral, e ratificada pola Xunta de Goberno da FEMP, os recursos da Sección, non comprometidos, serán asignados pola FEMP ao cumprimento dos fins e obxectivos descritos no título I.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

As competencias e funcións atribuídas nos artigos anteriores aos órganos reitores da Sección e á Secretaría Técnica, enténdense sen prexuízo do establecido no artigo 44 dos estatutos da FEMP.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

No non previsto nas presentes normas, a Sección regularase en canto ao seu funcionamento conforme ao disposto nos estatutos da FEMP e o seu Regulamento de réxime interior.

3º. Designar como representante da Deputación Provincial da Coruña na sección ao Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Valentín González Formoso ou persoa en quen delegue.

4º. Notificar o acordo de Pleno á Federación Española de Municipios y Provincias (C. Nuncio, 8 – 28005 Madrid).”

### **31.- APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación

Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de novembro de 2017.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2017.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.”

### **32.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/10/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de outubro de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

### **33.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/11/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de novembro de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

**34.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

2º. Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación provincial.”

**35.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar o texto das Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia no sentido seguinte:

**"SÉTIMA.- ENTREGAS A CONTA, LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS E LIQUIDACIÓN ANUAL DA RECADACIÓN.**

1. Entregas a conta.-

A Deputación realizará entregas mensuais a conta da recadación de cada exercicio dos tributos comprendidos no contido mínimo da delegación, así como da taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos a aqueles concellos que deleguen a súa recadación.

O importe das entregas a conta será do 98% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para o exercicio polos tributos enriba mencionados, repartido en once mensualidades. Para o cálculo da recadación estimada teranse en conta as circunstancias particulares de cada concello e concepto.

No suposto de que a Deputación tivese que realizar operacións de tesourería para atender ao pago das ditas entregas a conta, estarase ao disposto no artigo 149.2 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais."

### **36.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA ACHEGA NOMINATIVA E FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO CO HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, PARA COFINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios que se atopan recollidos nos artigos 22,2 da Lei xeral de subvencións, e 65 e 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de **60.000,00 €**, a favor do "**HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO**", para cofinanciar os **GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2017**, sito en Avda. Instrucciones 981, de Montevideo (Uruguai), cuxo orzamento de gastos ascende a un equivalente de **86.100,00 €**, o que supón un coeficiente de financiamento do **69,6864 %**.

3. Imputar a achega provincial á partida 0520/23132/481, do vixente orzamento.

4. Aprobar o texto do convenio administrativo que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

**"CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMETO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2017**

En ..... a ..... de ..... de 2017

## REUNIDOS

Dunha parte, D/Dna. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. ÁNGEL IGNACIO DOMÍNGUEZ CASTRO, presidente do *HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO*, da República Oriental do Uruguai.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

## MANIFESTAN

O *Hogar Español de Montevideo* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender aos anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está asilar aos anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, da República

Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento dos servizos prestados aos usuarios durante o ano 2017, no fogar de acollida sito en Avda. Instrucciones 981, de Montevideo (Uruguai).

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gas natural	35.500,00 €
Alimentación	7.500,00 €
Electricidade	16.400,00 €
Servizo de seguridade	11.500,00 €
Produtos de limpeza	3.200,00 €
Cueiros xeriátricos	12.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>86.100,00 €</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunha achega máxima de **60.000,00 €**, que equivale ao **69,6864** % de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: Partida 0520/23132/481, por **60.000,00 €**, do orzamento xeral.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. Os gastos de funcionamento obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula PRIMEIRA, deberán estar comprendidos no período 1.01.2017 a 31.12.2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS DEBERES TRIBUTARIOS E SOCIAIS**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva

finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.01.2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2018.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2018. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data .... de ..... de 2017.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

EN REPRESENTACIÓN DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA

O PRESIDENTE DO HOGAR ESPAÑOL  
DE MONTEVIDEO

Asdo.: ..... Asdo.: ÁNGEL I. DOMÍNGUEZ CASTRO"

### **37.-APROBACIÓN DA REGULACIÓN INTERNA DOS HORARIOS DE TRABALLO DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Sr. presidente

Respecto ao punto número 37, por petición do deputado da Área de Persoal imos proceder á retirada do punto, se así o vota a Corporación, pendentes de incorporar ao expediente dous informes que son necesarios.

O Pleno por unanimidade acorda a retirada do punto da orde do día.

### **38.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNED DA CORUÑA PARA FINANCIAR O FUNCIONAMENTO ORDINARIO DO CENTRO ASOCIADO DA CORUÑA NO ANO 2017.**

O Pleno, por unanimidade ratifica a inclusión deste punto na orde do día e tamén por unanimidade apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Visto que a Deputación da Coruña, como membro do Padroado do Centro UNED da Coruña desde a súa constitución, vén colaborando no seu sostemento mediante a inclusión nos Orzamentos anuais dunha consignación para financiar os gastos de funcionamento, polo que no Orzamento da Deputación da Coruña para 2017 e nas súas bases de execución foi incluída unha transferencia nominativa por importe de 200.000 € que ten como beneficiario ao *Patronato Centro Universidad a Distancia La Coruña* e como obxecto: *Gastos funcionamento ano 2017*, o Centro Asociado da Coruña consignou no seu Orzamento de Ingresos, no capítulo 462 “Outras transferencias”, a achega da Deputación da Coruña, por importe de 200.000 €.

Tendo en conta que a transformación do Padroado do Centro UNED da Coruña no Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña no que non está integrada esta Deputación, supón unha modificación substancial no xeito de tramitación da achega provincial que pasa de ser unha transferencia corrente a unha subvención nominativa, o expediente aínda que ten os informes da Unidade Xestora, e dos servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización, non foi obxecto de consideración pola Comisión Informativa correspondente.

Á vista da proximidade do peche do exercicio orzamentario, coa finalidade de non causar un prexuízo económico importante ao centro da Coruña e tendo en conta que de xeito totalmente excepcional, é vontade desta Deputación manter a colaboración por este ano,

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte

### **ACORDO.**

“1.- Aprobar o convenio co Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, correspondente á subvención nominativa, por importe de **200.000 €**, concedida para financiar o *funcionamento ordinario do centro Asociado da Coruña no ano 2017*, cun orzamento subvencionado de **856.222,92 €**, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2018 autorice o correspondente Orzamento.

4.- Dar conta do acordo na próxima reunión da Comisión de Cultura e Normalización Lingüística”

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para financiar o *funcionamento ordinario do Centro Asociado da Coruña no ano 2017*.**

Na Coruña a

### **REÚNENSE**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don José Manuel Sande García, presidente da Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, actuando en nome e representación deste en virtude das atribucións outorgadas polo artigo 14 dos Estatutos do Consorcio aprobados polo Consello de Goberno da UNED o 13 de decembro de 2016.

Actuando os intervincentes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento.

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que o Centro Asociado á UNED da Coruña foi creado, de acordo co disposto no Decreto 2310/1972, do 18 de agosto, mediante convenio asinado o 11 de febreiro de 1983, entre a UNED e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como os membros do Padroado naquel momento: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña, Concello de Culleredo, Concello de Betanzos e Banco de Bilbao.

Posteriormente, á vista do crecemento do Centro Asociado da Coruña, o 22 de outubro de 1996, foi asinado un novo convenio entre a UNED e os membros do Padroado: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña e Concello de Ferrol.

**Segundo.-** Que as disposicións recollidas na Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, na Lei 15/2014, de racionalización do sector público e na Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, incidiron moi significativamente na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e no R.Decreto 1317/1995, sobre réxime de convenios da UNED cos Centros Asociados, no senso de facer inescusable a necesidade da constitución dun consorcio como figura xurídica que dera soporte legal ao Centro Asociado á UNED da Coruña.

**Terceiro.-** Que a Deputación da Coruña, como membro do Padroado do Centro UNED da Coruña desde a súa constitución, vén colaborando no seu sostemento mediante a inclusión nos Orzamentos anuais dunha consignación para financiar os gastos de funcionamento.

Tendo en conta as datas de tramitación do Orzamento da Deputación para o exercicio 2017 (15 nov 16: ditame da Comisión de Economía e Facenda; 18 nov 16: aprobación inicial polo Pleno da Corporación; 28 dec. 16: publicación no BOP da aprobación definitiva) e a data de aprobación dos Estatutos do Consorcio (13 dec. 16) no Orzamento da Deputación foi incluída unha achega para facer fronte aos gastos do Centro Asociado á UNED da Coruña, por importe de 200.000 € xa que nese momento non se tiña coñecemento sobre a posible integración desta Deputación no Consorcio.

**Cuarto.-** Que á vista de que no Orzamento da Deputación da Coruña para 2017 e nas súas bases de execución figura incluída unha transferencia nominativa por importe de 200.000 € que ten como beneficiario ao *Patronato Centro Universidad a Distancia La Coruña* e como obxecto: *Gastos funcionamento ano 2017*, o Centro Asociado da Coruña consignou no seu Orzamento de Ingresos, no capítulo 462 "Outras transferencias", a achega da Deputación da Coruña, por importe de 200.000 €.

Consonte co anterior, con data do 29 de maio de 2017, a entidade presentou a documentación requirida para o cobro da transferencia.

**Quinto.-** A Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público establece no art. 3: 1. *As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de*

*acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao dereito.*

*Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:  
...e) Boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.*

**Sexto.-** De acordo co anterior e aínda que a Deputación Provincial da Coruña non está integrada no novo Consorcio que xestiona o Centro Asociado á UNED da Coruña, polo que non ten obriga ningunha no que se refire ao seu financiamento, a retirada da achega provincial causaría un grave prexuízo económico ao Centro da Coruña.

En virtude do exposto, e de xeito totalmente excepcional, é vontade desta Deputación manter a colaboración por este ano, polo que os comparecentes acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña (CIF: P1500034B) para financiar parcialmente o **funcionamento ordinario do centro Asociado da Coruña no ano 2017.**

### II.- Orzamento de gastos.

Os gastos obxecto do financiamento pola Deputación da Coruña son os seguintes, de acordo co Orzamento do Centro:

1. PERSOAL	602.133,85
130 Laboral fixo	361.818,50
131 Laboral eventual	105.455,49
160 Cotas sociais persoal laboral fixo	101.582,32
161 Cotas sociais persoal laboral eventual	32.277,54
17000 Formación del PAS	1.000,00
<b>2.GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>	<b>254.089,07</b>
<b>20 Compras</b>	
201 Compras	73.000,00
<b>21 Reparacións, mantemento e conservación</b>	
212 Edificios e outras construcións	14.000,00
213 Maquinaria, instalacións e útiles	100,00
214 Mantemento informático	15.000,00
<b>22 Material, subministracións e outros</b>	
220 Material de oficina	7.520,00
221 Subministracións	27.469,07
222 Comunicacións	19.200,00
224 Primas de seguros	5.100,00
226 Gastos diversos	45.600,00

227 Traballos realizados por outras empresas e profesionais	43.000,00
<b>23 Indemnizacións por razón do servizo</b>	
230 Axudas de custe	300,00
231 Locomoción	2.600,00
233 Outras indemnizacións	1.200,00
<b>TOTAL</b>	<b>856.222,92 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento cunha achega máxima de **200.000**, o que representa unha porcentaxe do **23,358 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 23,358 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para o *funcionamento ordinario do Centro Asociado da Coruña no ano 2017* corresponderalle ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que na publicidade por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, que se aboará logo da presentación da seguinte documentación:

- \* **Certificación** da aprobación da Liquidación Orzamentaria e Contas anuais de 2016.
- \* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito, establecida na cláusula quinta

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

- \* **Certificación** da aprobación da Liquidación Orzamentaria e Contas anuais de 2017.
- \* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito, establecida na cláusula quinta

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** Os gastos que son obxecto de financiamento provincial, refírense ao período do 1 de xaneiro de 2017 ao 31 de decembro de 2017.

**2.-** Unha vez rematado o ano, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña na documentación subministrada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos incluídos na cláusula segunda.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que os gastos contemplados nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

#### **ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS**

#### **I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA PARA A EXTRACCIÓN DE COBRE NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO.**

Exposición de motivos:

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos lindeiros con estes, dentro dunha concesión máis ampla que abarca o concello de norte a sur nunha extensión superior ás 2.000 Has.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha.dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior.

Vai afectar a case 500 hectáreas de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación.

Xunto as catro cortas existentes vanse escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas actividades agrogandeiras ou forestais.

Trátase dun proxecto con impactos tan severos que imposibilitan, na práctica, o mínimo respecto medioambiental requirido e que podemos resumir sinteticamente en tres aspectos.

- Impacto medioambiental. A magnitude da explotación, e pesar de todas as medidas previstas, fai imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental: eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico, afectación ás augas subterráneas e superficiais, aos ríos e ao propio Ulla, construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro, impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo, etc.
- Impacto na saúde. Os metais pesados son elementos moi perigosos para a saúde. A Contaminación das augas por estes metais característicos de toda actividade mineira é un facto de risco moi elevado ao que estará sometida toda a poboación da contorna. Ademais o ruído ininterrompido, as vibracións polas voaduras e a emisión de po nelas, no movemento de terras e no seu traslado serán outros factores que incidirán negativamente na saúde da poboación.
- Impacto económico. Unha actividade mineira deste envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a súa base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agrogandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector. A minería prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, ese si, será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX consistente en extraer un recurso para favorecer exclusivamente empresas foráneas e deixar aquí a contaminación.

As propias alegacións xunto co informe urbanístico presentados polo concello deixan constancia da grande afectación que supón, recoñecendo implicitamente o seu enorme impacto negativo e supondo na práctica unha emenda á totalidade da postura inicial do grupo de goberno favorable a súa reapertura.

Igualmente acontece coas alegacións presentadas pola Sociedade Galega de Historia Natural, nas que se constatan un número importante de deficiencias e erros na documentación do proxecto e que deixan de manifesto o descoñecemento, xa non só da propia realidade económica, natural e social do territorio, senón tamén da normativa, chegando a facer mención ou baseándose en normativa xa derogada. Igual acontece co Estudo de Impacto Ambiental e Estudo de Impacto Económico, onde hai unha errónea e/ou nula valoración de riscos e o que todo iso suporía na comarca, no sistema fluvial Ulla-Deza, así como na propia Ría de Arousa, complexo intermareal ou humidais de enorme importancia económica e ambiental. Cuestión que igualmente deixou de manifesto a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA).

Estamos, por tanto, ante un proxecto cun impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social que xera unha forte alarma e rexeitamento.

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Trasladar á Xunta de Galiza o rexeitamento da corporación da Deputación da Coruña a este proxecto.
2. Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura deste proxecto mineiro.
3. Demandar á Xunta de Galiza que obrigue o titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.

#### Sra. Sanmartín Rei

Moi bo día. Quería facer defensa desta moción en nome do Bloque Nacionalista Galego e tamén como veciña da comarca, polo coñecemento que teño desta situación. Como vedes na moción, e como sabedes tamén a través dos medios de comunicación, hai unha forte resposta veciñal, asociativa, tamén acompañada de informes importantes de persoas e colectivos expertos na materia, entre eles un moi relevante da Sociedade Galega de Historia Natural, respecto deste proxecto que está enriba da mesa para volver facer xustamente extraccións mineiras nunha zona en que xa se fixeran, en que xa desde hai trinta anos, xa se deixaran de facer nesa zona, máis onde aínda seguen as consecuencias no día de hoxe porque ao final no día de hoxe a mina que no seu momento estivo xa tivo un impacto moi grande, un impacto de conformar toda unha zona que está sendo utilizada coma un vertedoiro nestes momentos, onde van todo tipo de refugallos, que xustamente acaban vertendo aos ríos, e onde ademais nunha zona onde non se fixo a restauración necesaria e onde tamén se demostrou que nesta época houbo unha diminución importante por exemplo dos salmóns do Ulla.

Que pode significar este novo proxecto, este concreto, este proxecto mineiro tal e como foi presentado? Por un lado pode significar, segundo todos os informes, a desaparición de mananciais e de regos importantísimos nesa zona, a desaparición de camiños, lembramos que alí próximo está o Camiño de Santiago, que desde esta Deputación apoiamos e queremos que estea nas súas mellores condicións, unha ameaza para o propio Ulla, unha ameaza xustamente para a ría de Arousa, e non queremos deixar de poñer enriba da mesa o que significa que a menos dun quilómetro xustamente de onde sería a contorna da explotación hai vinte núcleos de poboación, unha gardería, unha residencia da terceira idade, unha piscina municipal, unha área recreativa, un centro de interpretación, e por tanto que hai numerosos veciños e veciñas que estarían sometidos continuamente a voaduras e toda a ameaza que pode supor a rotura dos diques de contención desas balsas enormes onde xustamente se introducen os residuos.

Máis aínda hai máis elementos que eu creo que esta Corporación debería de ter en conta para apoiar esta moción. Cando se fala ás veces da cuestión económica, de que isto pode significar algúns postos de traballo, estamos falando dalgúns postos de traballo temporais, dalgúns postos de traballo que van ser para moi pouco tempo e ademais de mala calidade, nunha zona que é especialmente rica en agricultura e en gandería. Se xustamente estamos falando do problema do rural, estamos falando do problema do sector, eu quero lembrar que xustamente na zona onde se pretende levar a cabo, desenvolver este proxecto mineiro, a porcentaxe de afiliados á Seguridade Social no sector da agricultura e da gandería triplica o dato galego, e o peso do sector da agricultura e da pesca triplica os valores medios da provincia da Coruña e de Galicia.

Así que temos un problema gravísimo cando estamos xustamente poñendo en problemas explotacións que son explotacións consideradas das máis rendibles, das mellores e das máis grandes do país. Fixádevos que estamos nesa zona Bama de puxanza gandeira, de cabezas de gando, de produción de queixo, hai alí moi próximo unha granxa que pasa por ser a máis grande de Galicia, unha fábrica de queixo en ampliación, estamos falando ademais dun proxecto que sería unha fase que logo suporía unha fase aínda de ampliación e onde se chegaría a desenvolver un proxecto que chegaría a ocupar unha superficie inmensa, e ademais, por outra parte do que se trata finalmente é de espoliar os nosos recursos para ser procesados no exterior porque despois de feito, unha vez extraído o mineral de cobre, o que se fai logo é ser poxado a nivel internacional ao mellor ofertante e, polo tanto, xa non é nin sequera que o procesamento sexa feito en Galicia nin no Estado, senón fóra, así que, que nos vai quedar a nós?, refugallos, contaminantes, problemas ambientais gravísimos, mentres ademais poñemos en risco unha comarca, xa digo, onde xustamente ese sector primario, ese sector da gandería, ese sector da agricultura, ten unha importancia moi relevante. Existe, xa digo, unha preocupación, unha alarma moi grande na zona, unha alarma ademais social que se ve acompañada de informes claramente que din que todas estas cuestións non se tiveron en conta, e houbo xa na actualidade concellos de moi diferentes cores, corporacións plurais, que aprobaron propostas semellantes a estas que propoñemos nós aquí por unanimidade. Hai distintos concellos, tanto Teo, Touro, Vila de Cruces, Rianxo, Vedra, Santiso, fóra da nosa provincia o caso da Estrada, de Vilagarcía e xa digo, na inmensa maioría deles por unanimidade, e esta moción, unha moción semellante tamén foi aprobada onte mesmo no Concello de Santiago de Compostela. O que se fai na moción é explicar resumidamente esta situación e propoñerlle á Corporación uns acordos que son moi sinxelos: trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da Corporación da Deputación da Coruña a este proxecto; solicitarlle ao goberno galego a denegación da reapertura deste proxecto mineiro concreto e demandarlle á Xunta de Galicia que obrigue ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira, algo que aínda está sen facer a estas alturas. É por isto que solicitamos o voto favorable dos grupos que conforman a Corporación.

Sr. presidente

Hai unha emenda que presenta o Partido Socialista.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas, compartindo loxicamente a preocupación do Grupo Provincial do BNG sobre esta explotación mineira, as consecuencias ou posibles consecuencias derivadas da súa implantación, e intentando conxugar este feito coa postura favorable da nosa organización a este tipo de iniciativas empresariais, iso si, sempre que conten con todas as garantías de carácter medioambiental e legal, loxicamente, nese senso, nesa dirección, no noso grupo quixeramos presentar unha emenda para ser incluída, se así o ten a ben o grupo propoñente, na moción.

Vou ler, se lles parece ben. Nos acordos, incluír un deles no que se inste a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira de *Cobre San Rafael S.L.* no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederáse ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (canles perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas pola antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.
2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.
3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa autorización de vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a súa tramitación coa suficiente antelación.
4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no Concello de Touro.
5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuencia dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental, establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.
6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre este, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.
8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.
9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os niveis de calidade normativos.
10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.
11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.
12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.
13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia que inclúa o detalle do desvío das canles rego de Burgos e rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.
14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 primeiros anos ata a clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.
15. Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.
16. Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.
17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.
18. Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.
19. Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.
20. Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.
21. Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.

22. Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, co detalle a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros, e a outra, que responderá ao cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avais etc...).

23. Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados dos labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24 e último, planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o máis doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.

En definitiva trátase de realizar este proceso dunha forma máis garantista, establecendo e cumprindo de forma escrupulosa todos os requisitos, como dixen anteriormente, de carácter medioambiental.

Entendemos que isto redunda nunha maior garantía de cara á instalación desta explotación mineira e, polo tanto, solicitamos que sexa atendida e incluída na moción por parte do propoñente desta emenda. Moitas grazas.

#### Sr. García Seoane

Eu xa noutras veces intervín neste Pleno en relación con empresas contaminantes. Hai un tema real, o outro día había un programa na Televisión española onde se debatía que diversas empresas que contaminaban este país ao longo de moitos anos, contaminaron, fixeron todo o que lles deu a gana, e nunca recuperaron a situación que degradaron. Nin a Administración, cando se fala de multas, multas irrisorias, etc., etc.. Na moción que presenta o BNG fálase dun tema real, dunha zona gandeira, dunha zona agrícola, dunha zona con montóns de regatos, con montóns de temas de natureza, e desde logo eu non quero crer que no que dicía agora o compañeiro portavoz do PSOE, que está case validando, case dándolle á licenza á empresa, paréceme moi grave porque aval de aquí, aval de alí, despois os avais non valen para nada, para nada porque non se executan nin se vai enriba dos infractores. Vimos varias empresas de rodas a nivel do Estado español que, unha vez que está acumulado, que xa non dá para máis, quéimanas e non pasa nada. Hoxe aínda non sabemos nada das dúas últimas plantas que a nivel nacional arderon, de que se tomara ningunha actitude contra ningún delincuente medioambiental propietarios desas plantas.

Eu vou presentar no próximo Pleno unha moción sobre unha empresa que se quere montar no porto de Oza, que era un porto pesqueiro, que cada vez hai menos pesca, que xa non temos nada, e é unha empresa que eu denuncié no ano 2003, no 2004, que limpaba o porto da Coruña, cunhas dragas subtraía os aceites, os petróleos, e logo ía a unha nave da urbanización Icaria, collía o camión, metíao dentro

da nave e botaba na rede de sumidoiros todo canto sacaba do porto da Coruña, iso é como funcionan estas empresas, isto denunciouse tamén e nin caso por parte da Administración que naquel momento tiña que actuar, que era a Comunidade Autónoma, ao contrario, os senvergoña que fixeron iso denunciáronme no penal porque era unha maldade miña, cando teño as probas todas de como estaban, do secretario da Corporación e de técnicos, de como estaban botando os vertidos.

Polo tanto, a experiencia é tremenda, e se imos á ría da Pasaxe, canto se contaminou durante anos con esas empresas malditas que se montaron aí, e que aínda hoxe, hoxe en día aínda está sen renovar, sen dragar, sen recuperar unha parte importante, que foi a máis gravosa, que non eran as redes de sumidoiros dos concellos, que a Xunta nese aspecto cos concellos si fixo un labor importante, pero no que é na contaminación das empresas, o que foi a do Burgo, La Cros ou Elosúa, paréceme que se chamaba, non quero dicir o nome, aceites non sei que, no fondo que cada vez que tronaba e caía un diluvio abrían os tanques e saía todo á ría, e así está o fondo da ría hoxe no alto do Burgo e no alto de Cambre.

Polo tanto, cousas bonitas, proxectos, e fará, fará, fará, eu non creo no “fará”, o que lles hai que facer é arar, e non se lles fai arar. Polo tanto, eu non admitiría para nada a emenda que presenta o Partido Socialista e si apoiaría a moción que está presentando neste momento o Bloque.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente, bo día compañeiros e compañeiros de Corporación.

Eu inicialmente non me podo manifestar sinceramente sobre a emenda que presenta o Partido Socialista porque é unha emenda ampla, moi complexa, e habería que lela con tempo, e nós non a temos, polo tanto, non podo manifestarme. Eu preparei unha intervención en relación coa moción que presentaba o Bloque Nacionalista Galego e sobre iso voume manifestar. Sinceramente imos dar o apoio, pero paréceme unha pena que non tiveramos coñecemento cun pouquiño de tempo para poder valorala, porque é complexa.

O proxecto concreto da mina de Touro e O Pino, eu creo que é un problema que excede o territorio deses dous concellos, non só porque os dereitos mineiros do proxecto afectan tamén, ademais dos citados, aos concellos de Vedra, de Boqueixón, ou de Santiago de Compostela, e polo mesmo serían susceptibles doutras actuacións extractivas que nos poderían afectar directamente. Como sabemos, mesmo as consecuencias e os riscos asociados ao proxecto van moito máis alá das minas en si, son un problema medioambiental, económico e social que afecta a toda a provincia e tamén a toda Galicia. Para os concellos de Touro e O Pino a autorización por parte da Xunta de Galicia deste proxecto significaría un grave impacto en varias fontes que non vou reiterar porque as explicou con moito detalle a compañeira Goretti do BNG, afectan a aspectos económicos, medioambientais, sanitarios, sociais, etc.

Pero se os concellos de Touro e O Pino teñen o máximo de afectación nestes aspectos, no seguinte chanzo están os concellos limítrofes como Santiago de Compostela, Vedra ou Boqueixón. Como exemplo, varios núcleos do norte de Compostela abastécense a través de mananciais situados na zona limítrofe do Pino,

que seguramente quedarían contaminados polas filtracións da actividade mineira. Para os que non coñezan a zona, desde as actuais balsas de concentración de residuos ata a parroquia de Sabugueira en Compostela hai tan só cinco quilómetros lineais, pero é que ata o río Ulla só hai dous quilómetros de distancia, iso significa que o risco potencial esténdese a todos os concellos desa conca, Teo, Padrón, Rianxo, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, na beira da Coruña, e tamén da beira de Pontevedra, a toda a ría de Arousa, a máis produtiva, como sabemos, de toda Galicia.

No caso de que se autorice unha nova explotación, un accidente como o sucedido en Monte Neme poría fin á actividade extractiva da ría de Arousa, destruíría espazos dun valor ambiental único, condicionaría enormemente a actividade turística, e poría en risco as captacións de auga para o consumo humano en varios concellos e, por desgraza, non o esquezamos, a empresa que está detrás do proxecto é a mesma que a das minas de Río Tinto en Huelva, non é moi bo precedente.

Un exemplo, un recente estudo de profesores da Universidade de Vigo e do CSIC relacionaba a case desaparición dos salmóns do río Ulla co período de actividade da mina de Touro, durante os anos setenta e oitenta, polas filtracións de metais contaminantes. Imaxinemos agora a repercusión deste megaproxecto coma o que se pretende.

Nas últimas semanas son moitos os concellos da zona que se manifestaron en contra do proxecto, cito Rianxo, A Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Teo, Vilagarcía, Lalín, Santiso, e varios deles gobernados polo Partido Popular, como Boiro, Ribeira, Vedra, Vila de Cruces ou A Estrada. Son moitos os cargos institucionais dese Partido que se pronunciaron en contra deste proxecto mineiro, por considerar que prexudica e pon en risco os habitantes dos seus municipios, ao seu ambiente, aos seus valores patrimoniais, á súa economía e ao seu futuro. En Compostela Aberta, tal e como nos manifestamos onte no Pleno municipal en Santiago, estamos a favor desta moción e en contra da depredación do territorio a favor de intereses económicos dunha minoría, a cambio de que a nosa comarca e a nosa provincia padezan para sempre as consecuencias de proxectos coma o que estamos analizando. Agardamos sinceramente que os representantes do Partido Popular nesta Corporación, opinen o mesmo e insten á Xunta, que é quen ten a competencia, a deter este despropósito, como xa se viu obrigada a facer en Corcoesto pola inmensa presión social. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Moi bo día a todos. Antes de nada queremos anunciar o noso voto favorable ao texto orixinal da moción, entendemos que o texto da emenda, non sabemos se é de adición, parece un texto, semella un texto dunha moción nova, en todo caso manifestamos o noso voto en contra a adición ou a supresión, digamos que votaremos a favor do texto orixinal da moción. E imos apoiar esta moción porque entre outras cousas sabemos que as reclamacións que presentan os veciños e as veciñas de Touro e do Pino son xustas e íntegras e xustificadas. O que están a facer as veciñas e veciños de Touro e O Pino é denunciar un proxecto con consecuencias, grave, non só no radio de acción dos seus concellos, senón que ten consecuencias graves e se prevén influencias negativas tanto no sistema fluvial Ulla-Deza como na propia ría de Arousa, o que carrega as consecuencias máis pequenas no propio

sistema fluvial local. Sistemas fluviais locais que xa sufriron as consecuencias da presenza de explotacións mineiras previas cando estas foron explotadas noutras épocas.

Pero cremos que o que hoxe nos trae aquí non é só falar da instalación deste complexo, senón que nos trae algo que hoxe nos trae aquí, tamén o que é trasfondo desta moción é o camiño elixido pola Xunta de Galicia e o soporte institucional que está a ofrecer as políticas coa súa lei de depredación, mal chamada Lei de fomento da implantación das iniciativas empresarias en Galicia.

Cremos e estamos convencidos que as facilidades e a importación a Galicia dun modelo de explotación mineira a ceo aberto é absolutamente gravoso e terá na súa contra a cidadanía e as forzas políticas. Temos confianza cero nesta Administración porque desde logo crendo e, como estamos vendo, que coa súa cabeza visible na Consellería de Medio Ambiente máis preocupada por fotos e precampañas, máis preocupada por marcar territorio en actos públicos, máis preocupada por iso que pola súa propia xestión ambiental dos recursos e do territorio de Galicia, e sobre todo por unha Consellería de Industria dedicada a permitir que calquera que traia un proxecto de explotación económica debaixo do seu brazo terá a exención nos procesos de avaliación ambiental que lles tocaría.

Xa no seu día fixemos referencia neste Pleno provincial ás minas de San Fins e Lousame, moción que saíu aprobada no seu momento, e denunciámos no seu momento tamén o proxecto mineiro en Corcoesto. Manifestámonos en contra da Lei de iniciativas empresariais de Galicia, que pretende facilitar a extensión deste modelo de explotación, e seguiremos facéndoo. Entendemos que o que debe de primar sempre é o benestar colectivo e o respecto do medio ambiente, fomentando así mesmo o recurso ás actividades económicas persistentes nos lugares. E por riba, sobre todo, dos beneficios económicos que, non só non están asegurados, senón que aínda por riba recaen sempre nas mesmas mans.

Por todo isto reiteramos o noso apoio ao texto orixinal da moción e reiteramos o noso rexeitamento á proposta de modificación ou de adición deste texto orixinal. Grazas.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, presidente. A verdade é que para os membros desta Corporación que tamén temos a honra de ser concelleiros en Santiago, hoxe podería ser o día da marmota, porque hai menos de vinte e catro horas que fixemos un debate exactamente igual, servirá para facer unha reflexión ao respecto do que subliñou no remate da súa intervención o voceiro de Compostela Aberta, porque xa o digo, onte votou a favor da inclusión exactamente dos puntos que trae hoxe o Grupo provincial Socialista na moción do BNG, iso foi votado polo Sr. Dios onte, polo tanto, se votou a favor, supoño que estará de acordo co contido deses puntos. Nós estamos de acordo co texto do Grupo Provincial Socialista, pero en todo caso, como todos vostedes saben, este é un asunto que se ten debatido en diferentes escenarios, nos concellos, onte mesmo no Concello de Santiago, no Concello de Touro, do Pino, onde está a explotación, pero tamén no Parlamento de Galicia, e é un asunto sobre o que o executivo galego fixo declaracións, por certo, nas que manifesta que a decisión que

se adopte vai estar tomada con todas as garantías, como non podería ser doutro xeito, garantías técnicas, garantías urbanísticas e tamén medioambientais.

Nese sentido, os veciños e veciñas dos concellos onde está a instalación, pero tamén de toda a provincia, deben de ter a confianza de que a tramitación administrativa e procedemental será rigorosa e deberá contar con todos os informes favorables, como aconteceu coa explotación mineira de Corcoesto que, ao final, a Xunta de Galicia decidiu que considerou que era mellor, despois loxicamente do cumprimento estrito da lei, que é o que ten que facer calquera administración. A posición deste Grupo Provincial Popular respecto do proxecto é de neutralidade absoluta e respecto absoluto á legalidade, tamén no convencemento, porque temos ese convencemento na medida en que coñecemos algúns extremos da tramitación, que o proxecto actual que está iniciando a súa tramitación pode ser mellorado para presentar unha documentación máis completa que permita unha mellor valoración e tamén a rectificación dalgúns erros que contén o documento nestes momentos. É o momento de facer esa tramitación.

É sorprendente, o Grupo que presenta esta moción aquí no Pazo Provincial, tamén foi sorprendente que fora o Grupo que presentou a moción onte no Concello de Santiago de Compostela, posto que estamos a falar da aplicación dunha normativa, a Lei de minería de Galicia, que foi aprobada polo Goberno bipartito da Xunta de Galicia, e daquela, o goberno bipartito da Xunta de Galicia tiña dividido o Goberno e as competencias de minería correspondían precisamente ao BNG, e daquela o conselleiro competente na materia, vou dicir entrecomiñas o que dicía o Sr. Blanco, dicía “A lei fixa un marco estable, seguranza xurídica e unhas regras para as administracións, os empresarios e os traballadores, o cal implicará que o desenvolvemento mineiro no noso país se faga baixo parámetros de normalidade, de responsabilidade e respecto medioambiental”, iso é o que dicía o conselleiro do BNG. Afirmaba o entón conselleiro que, abro comiñas “a actividade mineira ten grande importancia para Galicia, tanto en creación de emprego, en PIB, etc.” e subliñaba que “a actividade mineira galega, como calquera actividade mineira, localízase alá onde están os recursos, non se pode xogar coa súa situación, hai que sacar o recurso alí onde está”, pecho comiñas. Presumían no ano 2008 que era unha lei pioneira no Estado e que establecía un procedemento integrado de outorgamento que simplificaba a intervención administrativa. Dicía o conselleiro que para as persoas solicitantes dos dereitos mineiros mellorábase e axilizábase a xestión administrativa, e hoxe vostedes traen aquí unha moción para que instemos ao Goberno para que incumpra a lei, a súa lei, unha lei que aprobaron vostedes, vostedes veñen aquí a esta Deputación para que lle digamos á Xunta de Galicia que denegue a reapertura deste proxecto sen cumprir os trámites administrativos. Estamos nun estado de dereito, hai un titular dun dereito mineiro que presenta, por certo, aínda non interviu, xa sei que os señores da Marea Atlántica están preocupados polo medio ambiente, non sei se polo medio ambiente ou pola conselleira de medio ambiente, aínda non comezou a tramitación medioambiental, o expediente está na Consellería de Economía e Emprego, aínda non comezou a tramitación de impacto ambiental e autorización ambiental integrada, porque é evidente que estamos no inicio dun camiño, un camiño que significará a toma ou o rexeitamento, a toma dunha decisión ao respecto da autorización ou denegación desta explotación mineira, e para acadar ese obxectivo é imprescindible, é necesario, e nós non temos ningunha dúbida, posto que estamos a falar de funcionarios públicos, que haberá un estrito cumprimento das

normativas urbanísticas, medioambientais e técnicas, e obviamente, na procura dese cumprimento estrito da lei, haberá que solicitar, e de feito o órgano que tramita o expediente, solicitoulle informes ao Concello do Pino, ao Concello de Touro, a Augas de Galicia, á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ao Instituto do Estudo do Territorio, Urbanismo, Dirección Xeral de Gandería, Ordenación Forestal, Saúde Pública, Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, etc., etc.

Ademais, como saben, unha vez recabados todos estes informes, tamén deberá contar a explotación cunha declaración de impacto ambiental favorable, e as instalacións precisarían loxicamente dunha autorización ambiental integrada. Polo tanto, é evidente que a obriga da administración autonómica é cumprir a lei, e que instar a unha Administración a que incumpra a lei ten un nome neste país, é absolutamente impropio dunha Corporación como a Deputación solicitarlle á Xunta de Galicia que incumpra a lei. Polo tanto, obviamente nós non imos apoiar esta moción presentada polo BNG, moitas grazas e máis nada.

#### Sra. Sanmartín Rei

Varias cuestións. A primeira comezando por comentarlle a Agustín Hernández que moitas veces neste Pleno comentou aquilo de que non debiamos de estar sempre mirando polo retrovisor, debe ser, moitas menos algunhas, cando lle interesa, máis tamén quero comentar unha cuestión. Nós non estamos facendo aquí ningunha proposta de non á actividade mineira, senón non a este proxecto mineiro, pode haber algún proxecto mineiro de interese, e máis este está demostrado que non, pero xa por algunhas cuestións, primeiro non porque o diga o Bloque Nacionalista Galego, senón por distintos informes a este respecto, onde parten dunha base previa que xa o que tiveron que soportar os veciños cando se abandona esta actividade mineira en 1986 e non se fai ningún traballo de restauración, e por tanto alí, que se está facendo?, verter alí as cinzas de Sogama, cunchas de mexillón, residuos industriais, lodos de depuración, aquilo é unha zona onde non hai ningún control, ningunha analítica e está demostrado que os regatos están altamente contaminados e que verten ao Ulla, está iso demostrado nestes momentos.

(Abandona o salón o Sr. Calvelo Martínez)

Entón, claro, o primeiro acordo, e aí nese sentido coincido co que comentaba Gelo, o primeiro, que a empresa estivera obrigada a restaurar antes de ningunha actuación os solos e as augas contaminadas. Entón, claro, cando se nos fala de confianza na empresa, porque algunhas das cuestións das que fala aquí, algunhas das que pon enriba da mesa, é certo que onte debatemos esta mesma proposta de emenda por parte do Grupo Socialista, non é que chegásemos a votar nin a apoiar a súa inclusión, senón que dicíamos, nós o que queremos é que quede claro que hai un rexeitamento a este proxecto, se queremos acrecentar algunha outra garantía das que aparecen aquí nas emendas, na emenda do Partido Socialista hai cuestións interesantes, por exemplo no punto un, cando se fala da obriga da eliminación da contaminación, pero claro, tería que ser previo a ningún proxecto, o que tería que ser iso é previo, cando fala dalgúns outros como o estudo sobre a incidencia do Ulla, é que ese estudo está feito, está feito sobre o que está supoñendo iso para algunhas especies, e o que supuxo no seu momento para o salmón. Entón, todo iso significa

unha confianza á empresa que xa non se lle pode dar. Mesmo hai unha cuestión que debería de ser importante e é que non existen garantías suficientes de que, a empresa ou dea en quebra ou baixe o prezo do mineral, porque ao final este é un problema do incremento do prezo do cobre, e que por calquera cousa da noite para a mañá a empresa decida abandonar a explotación e outra vez quede sen restauración de ningún tipo. Daquela o que tiñamos nós é un compromiso, que me parece que é un compromiso absolutamente lóxico coa veciñanza, cos colectivos, con todas aquelas persoas que teñen claro que este proxecto tal e como está non se pode levar a cabo, e que este proxecto hai que paralo.

Non sei se algunhas das cuestións ademais que se propoñen de “agora volvemos e incrementamos e facemos”, non sei se o que se está aí pretendendo é gañar tempo para que xa a tramitación vaia pola nova lei de depredación, aí é onde xa fan falta moitas menos garantías, non sei se iso é o que está ao final no fondo.

Nós en Santiago propoñiamos que isto puidese ser unha emenda, ao do Partido Socialista, de adición, máis entendíase alí que había algúns aspectos que son realmente contraditorios entre un e outro, e neste caso a proposta de emenda que se nos fai é unha proposta de modificación, por tanto de substitución do noso texto resolutivo por este. É por iso que non admitimos esta emenda, nós consideramos que o que hai que mandar é unha mensaxe clara á veciñanza, e insisto nunha cuestión, estamos a falar das posibilidades de desenvolvemento para unha zona riquísima desde o punto de vista agrario, riquísima desde o punto de vista gandeiro, e ademais algo que pode ter a súa repercusión mesmo na súa chegada no Ulla á ría de Arousa. Polo tanto, é algo moi serio que queremos que a mensaxe sexa moi contundente de apoio a esta oposición veciñal que se leva en contra este proxecto mineiro.

É por iso que mantemos a nosa proposta, a nosa moción, tal e como está.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Sobre a cuestión de adición, evidentemente non pode ser adición porque non podemos poñer os acordos desta emenda e despois trasladarlle á Xunta o rexeitamento da Corporación e solicitar ao Goberno galego a denegación da reapertura, porque entón xa non tería ningún sentido.

Nós entendemos que esta emenda é compatible coa moción pero porque é un paso previo a esta moción, é dicir, de non cumprir con aquilo que se recolle nesta emenda, loxicamente si que estaríamos polo labor de votar favorablemente esa moción, pero repito é un paso previo, sobre todo previo a aquilo que comentaba antes o voceiro de Alternativa dos Veciños, precisamente para evitar que pase o que pasa con algúns exemplos que poñían dalgunhas empresas, que parece que contaminan e que iso lles sae totalmente gratis, establecemos ou presentamos unha emenda que garante, ou que está dirixida a garantir precisamente que iso non pase. Outra cuestión é que esteamos en contra deste tipo de explotacións mineiras per se, pero ese é un tema totalmente distinto, e aí si que teríamos que facer todos unha análise porque, por poñer un exemplo, todos os presentes neste salón de Plenos utilizamos sistemas de comunicación e telecomunicación que teñen como base fundamental o cobre, todos, a telefonía, os ordenadores, telefonía fixa, aínda que non tes móbil, Gelo, que xa o sabemos, a calefacción, o gas, todo leva cobre, outra cousa é que nos guste

máis ou menos. Entendo que ese xa sería un debate en máis profundidade e que non ten que ver co sentido desta moción. Polo tanto, nós seguimos mantendo esta emenda que, loxicamente, se é rexeitada polo propoñente da moción non prosperará, e dese xeito anunciamos a nosa abstención. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Soamente contestarlle con espírito navideño a Agustín. Eu sei moi ben o que votei onte en Santiago, votei a favor da moción, votei en contra deste proxecto concreto. Non estou en contra da extracción mineira con carácter xeral, estou en contra deste proxecto concreto e, sobre todo, porque onte estivo en Santiago un portavoz da Plataforma de afectados que o explicou con todo luxo de detalles, e que non é necesario volver reiteralo. Sei tamén o que votou o Sr. Agustín Hernández onte, e o seu grupo, abstívose, eu confío en que sexa coherente e faga hoxe aquí o mesmo. Sería bo de todas maneiras que o Goberno provincial, dígoo con cariño, que sería bo que o goberno provincial se puxera de acordo ante cuestións deste tipo, e coñeceramos antes os textos porque, sobre todo se son textos coma este, que non é de escoitalo unha vez, senón que hai que profundar e hai que coñecer, sobre todo para tomar posición. A min encantárame poder tomar posición, pero sinceramente non o podo facer. Polo tanto, eu vou apoiar, imos apoiar a moción presentada polo BNG e eu confío que no futuro poidamos tratar estes temas previamente e non directamente no Pleno. Moitas grazas.

Procédese a votar a moción:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 10 deputados (5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 20 deputados (12 do PP e 8 do PSOE)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e o PSOE, aproba a seguinte moción:

**“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA PARA A EXTRACCIÓN DE COBRE NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO.**

Exposición de motivos:

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos lindeiros con estes, dentro dunha concesión

máis ampla que abarca o concello de norte a sur nunha extensión superior ás 2.000 Has.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha. dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior.

Vai afectar a case 500 hectáreas de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación.

Xunto as catro cortas existentes vanse escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas actividades agrogandeiras ou forestais.

Trátase dun proxecto con impactos tan severos que imposibilitan, na práctica, o mínimo respecto medioambiental requirido e que podemos resumir sinteticamente en tres aspectos.

- Impacto medioambiental. A magnitude da explotación, e pesar de todas as medidas previstas, fai imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental: eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico, afectación ás augas subterráneas e superficiais, aos ríos e ao propio Ulla, construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro, impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo, etc.
- Impacto na saúde. Os metais pesados son elementos moi perigosos para a saúde. A Contaminación das augas por estes metais característicos de toda actividade mineira é un facto de risco moi elevado ao que estará sometida toda a poboación da contorna. Ademais o ruído ininterrompido, as vibracións polas voaduras e a emisión de po nelas, no movemento de terras e no seu traslado serán outros factores que incidirán negativamente na saúde da poboación.
- Impacto económico. Unha actividade mineira deste envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a súa base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agrogandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector. A minería prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, ese si, será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX consistente en extraer un recurso para favorecer exclusivamente empresas foráneas e deixar aquí a contaminación.

As propias alegacións xunto co informe urbanístico presentados polo concello deixan constancia da grande afectación que supón, recoñecendo implicitamente o seu enorme impacto negativo e supondo na práctica unha emenda á totalidade da postura inicial do grupo de goberno favorable a súa reapertura.

Igualmente acontece coas alegacións presentadas pola Sociedade Galega de Historia Natural, nas que se constatan un número importante de deficiencias e erros na documentación do proxecto e que deixan de manifesto o descoñecemento, xa non só

da propia realidade económica, natural e social do territorio, senón tamén da normativa, chegando a facer mención ou baseándose en normativa xa derrogada. Igual acontece co Estudo de Impacto Ambiental e Estudo de Impacto Económico, onde hai unha errónea e/ou nula valoración de riscos e o que todo iso suporía na comarca, no sistema fluvial Ulla-Deza, así como na propia Ría de Arousa, complexo intermareal ou humidais de enorme importancia económica e ambiental. Cuestión que igualmente deixou de manifesto a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA).

Estamos, por tanto, ante un proxecto cun impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social que xera unha forte alarma e rexeitamento.

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

4. Trasladar á Xunta de Galiza o rexeitamento da corporación da Deputación da Coruña a este proxecto.
5. Solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura deste proxecto mineiro.
6. Demandar á Xunta de Galiza que obrigue o titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.”

## **II.MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL POPULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN RELACIÓN Á POSTA EN VALOR DA FIGURA E OBRA DE EDUARDO PONDAL NO CENTENARIO DO SEU FALECEMENTO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No pasado mes de marzo cumpríronse 100 anos do falecemento de Eduardo Pondal. O poeta bergantiñán, natural de Ponteceso, é unha das figuras máis importantes da literatura galega, destacando na súa obra *Queixumes dos pinos*, quen pon letra ao Himno de Galicia.

A Fundación Eduardo Pondal naceu hai nove anos cos propósitos de enaltecer a figura, vida e obra do escritor en particular e da cultura galega en xeral, así como promover a formación global da mocidade e das persoas adultas e o desenvolvemento socioeconómico do contorno rural.

A Fundación Eduardo Pondal desenvolveu ao longo deste ano un programa de cen actividades para conmemorar os cen anos da morte do autor. As iniciativas foron moi diversas e contaron coa participación de público de todas as idades. No deseño, organización e posta en marcha do programa colaboraron diferentes administracións e institucións públicas, medios de comunicación, entidades culturais e sociedades privadas.

Con base nesta exposición de motivos, o Grupo Provincial do Partido Popular propón a adopción do seguinte

## ACORDO

- A Deputación Provincial da Coruña, con motivo do centenario do falecemento do escritor Eduardo Pondal, dará continuidade ás iniciativas de difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta pontecesán a través da colaboración institucional e orzamentaria coa Fundación Pondal e a cooperación coas distintas institucións e entidades culturais, principalmente coas fundacións de escritores e escritoras do Rexurdimento, para contribuír a impulsar unha programación de actividades continuadas e diversas que poñan en valor o seu legado social.

### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, presidente, moi brevemente.

No pasado mes de marzo, como é coñecido, cumpríronse cen anos do falecemento de Eduardo Pondal, o poeta bergantiñán, natural de Ponteceso, e unha das figuras máis importantes da literatura galega. A Fundación Eduardo Pondal naceu hai nove anos, co propósito de enaltecer a figura, vida e obra do escritor, en particular, e da cultura galega en xeral, así como promover a formación global da mocidade e das persoas adultas e o desenvolvemento socioeconómico do contorno, especialmente do rural. A Fundación Eduardo Pondal desenvolveu ao longo deste ano un programa de cen actividades para conmemorar os cen anos da morte do autor, é certo que con apoio desta institución, e as iniciativas, tamén é certo, foron moi diversas e contaron coa participación de público de todas as idades, no deseño, organización e posta en marcha do programa colaboraron diferentes administracións, nomeadamente esta Deputación, cuestión que valoramos positivamente desde o noso grupo, e tamén outras institucións públicas, medios de comunicación, entidades culturais e sociedades privadas.

En base a esta exposición de motivos nós cremos que a Deputación debería adoptar un acordo no sentido de dar continuidade a esas iniciativas para continuar enaltecendo e recordando a figura de Eduardo Pondal ao longo deste vindeiro ano 2018 e tamén dos seguintes para seguir apoiando a esta Fundación. Esa é a razón desa moción e agardamos contar co apoio do resto dos grupos.

### Sra. Sanmartín Rei

Desde a Deputación da Coruña, realmente o que facemos, ademais de escribir é actuar, é facer e, polo tanto, levamos todo este ano 2017, como non podía ser doutra maneira, facendo actos de homenaxe, de reivindicación, de conmemoración da figura de Eduardo Pondal, ben pola nosa conta ou ben, como é lóxico, a través do convenio e da colaboración coa Fundación Eduardo Pondal. Foron moitas as iniciativas que facemos, que fixemos e que están aínda en marcha. Eu aproveito que estamos nestas datas, é xa un clásico en min, recoméndolles lectura, pero que saiban que xa hai tempo que saíu unha antoloxía xustamente xeográfica da poesía pondaliana, é unha edición, unha antoloxía preparada por Manuel Ferreiro, que é un dos máximos expertos na obra de Pondal, e que acaba de saír tamén publicado por

esta Deputación da Coruña, tamén coa intención de descubrir a outra maleta de Pondal, outros aspectos ocultos, descoñecidos, da obra de Eduardo Pondal, obra de Juan Félix Neira Pérez. Son todo obras que tamén foron no seu caso e en colaboración feitas, sabido e coñecido a Fundación Pondal.

Exactamente igual fixemos un apoio claro á Fundación Pondal a través da celebración do Festiletras 2017, que foi dedicado de maneira moi potente a reivindicar a obra do grande autor do primeiro renacemento, do rexurdimento da literatura galega e, polo tanto, presentáronse tanto a través da liña de axudas a festivais que temos, pero aparte diso, xa que era algo especial, a través da contratación do grupo Lúar na Lubre, que tivo o financiamento extra tamén desta Deputación da Coruña, entre eses dous conceptos foron 50.000 euros para esta celebración. E aparte, pola nosa conta, trouxemos ao Teatro Colón unha obra, a obra Fillos do Sol, de produción do FIOT de Carballo e de Contraproducións, dirixida por Cándido Pazó, que fala xustamente da obra e dos Eoas de Eduardo Pondal, desa súa obsesión. Así que estes libros como esperemos que non teñan data de caducidade, esta obra que tampouco a ten vai seguir rolando, seguirá indo aos concellos da provincia, e os libros por suposto, fíxose unha entrega de libros á Fundación Eduardo Pondal, para que puidese distribuílos como quixese, e nós tamén fixemos envío a todos os concellos onde aparece esta toponimia recollida na obra de Pondal.

Así que, a nosa contribución, xa digo, ao centenario do ano de Pondal foi importante, non sei se todas as institucións poden dicir que se preocuparon exactamente o mesmo.

Aparte diso, e como se fai referencia tamén na moción á celebración de todos os autores do primeiro renacemento e do rexurdimento, os dous que caerían na provincia da Coruña son Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, porque como se sabe a Fundación Curros Enríquez actúa desde Celanova, e sería desde a provincia de Ourense desde onde habería que facer ese apoio, se falamos desde esa perspectiva, outra cousa é que a Xunta faga apoio necesario a estas cuestións, e que está, no caso do centenario de Pondal, eu creo que moi por baixo do que fixo a Deputación da Coruña neste ano 2017. Concretamente para o caso de Rosalía de Castro, na liña de axuda a fundacións, nós financiamos as obras de reforma na Casa de Rosalía en Padrón, entregamos tamén á Fundación Rosalía de Castro tres obras de Ovidio Murguía e un crecho do cabelo da escritora para o proceso de musealización de toda a Fundación e esa inauguración case dunha nova Casa Rosalía de Castro. Contribuímos de maneira clara tamén a reivindicar o nome de Rosalía de Castro dándolle un premio, o premio a iniciativas a prol da defensa da lingua galega. Fixemos un festival Rosalía este ano, fixemos un festival Rosalía ademais cunha imaxe nova, moderna, innovadora, unha Rosalía heroína que ía repartindo libros, e fixemos unha primeira edición en Compostela con música, con teatro, con produtos rosalianos, facendo tamén que as empresas que se vise que o apoio aos nosos escritores, a nosa escritora neste caso, que pode dar tamén elementos de dinamización económica. Homenaxeamos a figura de Rosalía a través da lembranza dese tamén centenario da estatua de Rosalía na Alameda de Santiago, así que o noso apoio foi importante e coincide plenamente co que aparece na moción, máis é algo, xa lle digo, que nós xa fixemos e, polo tanto, adianto que por suposto que votaremos a favor.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL POPULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN RELACIÓN Á POSTA EN VALOR DA FIGURA E OBRA DE EDUARDO PONDAL NO CENTENARIO DO SEU FALECEMENTO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No pasado mes de marzo cumpríronse 100 anos do falecemento de Eduardo Pondal. O poeta bergantiñán, natural de Ponteceso, é unha das figuras máis importantes da literatura galega, destacando na súa obra *Queixumes dos pinos*, quen pon letra ao Himno de Galicia.

A Fundación Eduardo Pondal naceu hai nove anos cos propósitos de enaltecer a figura, vida e obra do escritor en particular e da cultura galega en xeral, así como promover a formación global da mocidade e das persoas adultas e o desenvolvemento socioeconómico do contorno rural.

A Fundación Eduardo Pondal desenvolveu ao longo deste ano un programa de cen actividades para conmemorar os cen anos da morte do autor. As iniciativas foron moi diversas e contaron coa participación de público de todas as idades. No deseño, organización e posta en marcha do programa colaboraron diferentes administracións e institucións públicas, medios de comunicación, entidades culturais e sociedades privadas.

Con base nesta exposición de motivos, o Grupo Provincial do Partido Popular propón a adopción do seguinte

**ACORDO**

- A Deputación Provincial da Coruña, con motivo do centenario do falecemento do escritor Eduardo Pondal, dará continuidade ás iniciativas de difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta pontecesán a través da colaboración institucional e orzamentaria coa Fundación Pondal e a cooperación coas distintas institucións e entidades culturais, principalmente coas fundacións de escritores e escritoras do Rexurdimento, para contribuír a impulsar unha programación de actividades continuadas e diversas que poñan en valor o seu legado social.”

**ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Un rogo e unha petición en relación cunha, parece ser que por parte da Deputación, e cremos que é positivo, estase iniciando un traballo, non sei se de acordo cunha planificación, ou porque é o que corresponde para mellorar a situación das beiras das estradas provinciais en relación coa vexetación. Parece ser que por

parte da Deputación esta actuación faise iniciando expedientes sancionadores de xeito directo a aqueles propietarios que non cumpren a normativa correspondente, cuestión que é importante en relación cos lumes forestais, pero cremos que debería de seguir a Deputación o exemplo que fai a Xunta de Galicia, que antes de iniciar calquera tipo de expediente sancionador nesta materia, fai primeiro un requirimento aos propietarios, e no caso de que o propietario non atenda ao requirimento, inicia un expediente sancionador. Posto que estamos a falar moitas veces de propietarios, xente maior, xente que igual non está ao día da normativa, e iniciar directamente un expediente sancionador xera malestar e preocupación, e cremos que o exemplo pode ser o que cremos que está a realizar a Xunta de Galicia, que é primeiro facer un requirimento, e no caso de non ser atendido iniciar un expediente sancionador, porque si que cremos que é importante garantir o cumprimento da normativa ao respecto da limpeza das marxes das vías, xa sexan da Deputación ou calquera outra administración.

#### Sr. presidente

Tomamos nota, sabemos desa situación. Efectivamente, en cumprimento da normativa e da lóxica, sobre todo alertados pola vaga de incendios en Galicia, tamén na provincia, loxicamente intensifican ese labor os vixiantes das zonas, pero claro, digamos que o procedemento é complexo porque, efectivamente, se o procedemento se inicia e hai un incumprimento da normativa, hai un incumprimento, é dicir, deixar un cartel alí anunciando, como fai a Xunta de Galicia, o cal, como cidadáns, sinceramente, paréceme o correcto, pero legalmente non parece fácil de proceder deixar un cartel colgado nunha árbore de “Esta plantación incumpre a normativa..... proceda a retirar”, é dicir, se incumpre, ese inicio de procedemento, se chega aquí, o procedemento loxicamente continúa. Polo tanto, cóstanos que os propios vixilantes fan o labor de asesoramento previo, recorren as estradas da provincia permanentemente todas as semanas, e nese sentido confiamos en que co asesoramento previo obteñamos resultados.

(Abandona o salón a Sra. Delso Carreira).

#### Sr. Dios Diz

Unha pregunta, no Pleno do pasado 27 de xaneiro de 2017, o noso grupo presentou unha proposta de acordo que a Corporación adoptou como declaración institucional, na cal se establecía, cito “Co ánimo de levar a cabo accións positivas de fomento da cultura da paz, reiterando compromisos e declaracións anteriores aprobados por esta institución, a Deputación da Coruña promoverá a entrega a partir do ano 2018 dun premio a través do cal recoñecerá as iniciativas ou experiencias de carácter escolar, educativo, social, empresarial ou cultural, que promovan a resolución pacífica de conflitos, os dereitos humanos, a cultura da non violencia, a tolerancia, o entendemento, a concordia, e a convivencia democrática dentro do ámbito territorial da provincia da Coruña. Este premio será entregado no marco temporal da conmemoración do Día escolar pola paz e a non violencia, o 30 de xaneiro de cada ano”, remata a cita.

Desde o noso Grupo mesmo redactamos e entregamos hai xa meses unha proposta de bases para que o Goberno as estudase, por se isto contribuía a facilitar a

posta en marcha deste Premio. Tendo en conta que estamos apenas a un mes dunha nova celebración do Día escolar pola paz e a non violencia, e non temos bases nin asignación económica, a miña pregunta ao Goberno é: ten previsto o Goberno provincial entregar o citado premio ao redor desa data tal e como temos aprobado?

Sra. Franco Pouso

Bos días a todos e a todas. Estase traballando nas bases, xa lle anticipo tamén que practicamente son asumidas todas as súas propostas, e agardamos sacala coa dilixencia que ten esta administración, intentaremos de todos os xeitos que estea para o mes de xaneiro, e daremos conta nunha comisión informativa e valoraremos a contía económica posto que queremos que fora a través de cooperación internacional.

Sr. presidente

Finalizamos, quixera felicitar... sei que temos a metade dos sentidos nesta sala e a outra metade na conciencia de onde caeu o gordo da lotería, non caeu nesta provincia, pero caeron 540 millóns de euros na provincia de Lugo, boa falta lles fai, e polo tanto felicitalos, a nós quédanos conformarnos con que todos temos moi boa saúde e, polo tanto, felices festas a todos.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte e nove minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.